Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades existentes na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada e a incidencia que vai ter a covid-19 nela e na posta en marcha deses contratos



- 10165 - 3654 (11/PRE-001758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia inmediata das medidas adoptadas na garantía da supervivencia dos empresarios autónomos, as súas intencións respecto do establecemento de axudas directas para estes compatibles coas do Estado e a valoración da posibilidade de impulsar compensacións por limitación de actividade

- 10263 - 5431 (11/PRE-001785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do programa denominado Cheque autónomo seguimos adiante, e o prazo previsto para o pagamento destas axudas

- 10509 - 1954 (11/PRE-001804)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a opinión da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da procedencia dos criterios de desconto aplicados nas nóminas do persoal técnico do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais dos grupos A1 e A2 a consecuencia da folga indefinida convocada dende o 1 de agosto de 2020

- 10718 - 5708 (11/PRE-001839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as afirmacións do conselleiro do Medio Rural nas redes sociais respecto de supostos cobros de traballadores da consellaría á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de corta de madeira

- 10398 - 734 (11/PRE-001845)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do esforzo investidor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia e de cales foron os principais investimentos

- 10409 - 1866 (11/PRE-001858)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre os datos referidos ás melloras que se van executar nos vindeiros anos nos peiraos das tres provincias costeiras

- 10408 - 1871 (11/PRE-001859)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre os obxectivos, o orzamento e as liñas de actuación do Plan de reactivación do sector marítimo-pesqueiro de Galicia, coñecido como *Avantemar*



- 10276 - 1878 (11/PRE-001860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o importe total destinado pola Consellería do Mar dentro do plan Avantemar ás axudas extraordinarias de compensación aos mariscadores a pé polo freo da actividade durante a pandemia, o importe máximo da axuda para cada mariscador e os obxectivos que persegue esa orde de axudas

- 10487 - 1885 (11/PRE-001861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o importe total destinado pola Consellería do Mar dentro do plan Avantemar ás axudas extraordinarias de compensación ás redeiras polo freo da actividade durante a pandemia, a materialización destas axudas para cada redeira e os obxectivos que persegue esa orde de axudas

- 10411 - 1894 (11/PRE-001864)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre os obxectivos da orde de axudas da Consellería do Mar para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños, así como os datos referidos aos proxectos seleccionados e ao importe das axudas concedidas

- 10688 - 2679 (11/PRE-001870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á resposta que lles dá ás necesidades do sector do mar o actual funcionamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a valoración que fai da detección de toxina nos bancos marisqueiros de Noia pola confraría na última fin de semana do mes de setembro e as súas intencións respecto da ampliación dos servizos do INTECMAR ás fins de semana e festivos

- 10689 - 2714 (11/PRE-001871)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración, as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego respecto da modificación que supón na Lei de costas a actual redacción do artigo 18 do Proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética

- 10696 - 2824 (11/PRE-001873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns da demora e a data prevista polo Goberno galego para o inicio da execución do proxecto para dotar o porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios, así como respecto do importe final das obras

- 10566 - 3085 (11/PRE-001874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio



Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación coa situación do polbo en Galicia, as medidas adoptadas para a súa recuperación e a súa opinión respecto dos resultados que está a dar a posta en marcha do plan de xestión desa especie

- 10564 - 3387 (11/PRE-001875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao carácter vinculante e/ou preceptivo que posúe o informe emitido pola Comisión Galega da Competencia na tramitación da norma reguladora da pesqueira do xurelo, así como a incidencia que tería unha norma deste tipo na súa sustentabilidade social, ambiental e económica, e a valoración que fai da autorregulación que vén mantendo a frota pertencente á Asociación de Armadores do Cerco de Galicia

- 10556 - 3570 (11/PRE-001876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a información e xestión do Goberno galego en relación coa vertedura detectada o día 13 de outubro na ría de Arousa, os medios que hai nela para combater a contaminación mariña e a existencia nos seus concellos dos plans locais establecidos no Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto

- 10712 - 3923 (11/PRE-001879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixada que rexistraron as capturas de polbo nas costas galegas no pasado verán, os contactos mantidos co sector afectado ao respecto e a realización dalgún estudo das súas causas, así como as medidas adoptadas ou previstas para resolver esta situación

- 10731 - 5658 (11/PRE-001894)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol, as súas causas e a realización dalgún estudo ao respecto

- 10726 - 6096 (11/PRE-001899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á execución no ano 2021 das obras para a creación do porto compartido mixto de Corcubión, o estado de tramitación do proxecto e a súa opinión respecto do impacto que vai ter nas infraestruturas portuarias, así como no resto do concello e da comarca

- 10728 - 6427 (11/PRE-001903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible incumprimento das cláusulas do contrato para a prestación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia pola empresa adxudicataria, e as súas previsións respecto do inicio das necesarias para recuperar a súa xestión pública

- 10397 - 767 (11/PRE-001925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos da débeda pública de Galicia correspondentes ao primeiro trimestre de 2020, as súas previsións referidas ao impacto da primeira fase da crise do coronavirus nela, así como a garantía da información detallada ao respecto

- 10203 - 1029 (11/PRE-001926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a opinión da Xunta de Galicia en relación coa posibilidade de incrementar a mobilización dos seus recursos orzamentarios para afrontar a crise económica derivada da covid-19, así como respecto da valoración do establecemento de axudas directas a persoas autónomas e da necesidade de reforzar o orzamento da risga e das axudas sociais de emerxencia

- 10404 - 1152 (11/PRE-001929)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do actual volume e da recente evolución dos depósitos e créditos en Galicia

- 10567 - 1923 (11/PRE-001934)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no referido ao Obxectivo transversal 3, Dinamización demográfica, e a súa disposición en relación co impulso dun cambio de estratexia nas políticas públicas de emprego, de conciliación e nas de política social e de igualdade de xénero, así como nas de corresponsabilidade

- 10212 - 1974 (11/PRE-001936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao baixo nivel de execución que presentan ano tras ano as partidas destinadas ao fomento do emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia e a súa dotación orzamentaria para o ano 2021

- 10182 - 3118 (11/PRE-001944)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para erradicar a fenda salarial e impedir o seu aumento co contexto xerado pola covid-19 en Galicia, a valoración que fai dos datos existentes ao



respecto e a realización dalgunha avaliación do impacto que vai ter a crise da covid-19 nela e na desigualdade laboral das mulleres

- 10699 - 3519 (11/PRE-001950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas de orde tributaria que vai adoptar o Goberno galego para afrontar o gasto público ante a baixada da recadación tributaria a consecuencia da crise económica derivada da covid-19, así como as razóns do alto índice de resolucións favorables obtidas polos administrados fronte ás comprobacións practicadas pola Axencia Tributaria de Galicia

- 10716 - 5648 (11/PRE-001965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de abordar un debate rigoroso cara á implantación dun sistema tributario máis progresivo, equitativo e xusto diante da baixada da recadación xerada pola covid-19

- 10675 - 1230 (11/PRE-001995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense, e co remate do convenio asinado para o uso compartido das instalacións da Residencia Florentino López Cuevillas

- 10709 - 3909 (11/PRE-002059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións valoradas ou que vai valorar o Goberno galego en relación coa falta de espazo do CEIP As Mercedes de Ourense, nomeadamente a súa ampliación coas instalacións da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e a dotación á cidade dunha nova instalación que a substitúa

- 10722 - 5881 (11/PRE-002101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes de regulación temporal de emprego e as solicitudes de adiantos bancarios tramitadas pola Xunta de Galicia en relación con traballadores vinculados ao ámbito das verbenas e con motivo da pandemia, así como sobre as actuacións previstas ao respecto

- 10283 - 445 (11/PRE-002113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da dotación de medios e da atención prestada á atención primaria para afrontar a covid-19 e as previsións do aumento do volume de recursos humanos



- 10281 - 638 (11/PRE-002117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía do dereito de acceso da cidadanía á información referida á covid-19

- 10278 - 1053 (11/PRE-002133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de elaborar un plan que permita evitar o risco de exclusión dos menores no caso de que as familias deban exercer o seu coidado por causa da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19, así como sobre a realización dalgún estudo ao respecto

BOPG nº 90, do 05.02.2021

- 10277 - 1585 (11/PRE-002148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 4 máis

Sobre as razóns da non-renovación, para o curso 2020-2021, do convenio asinado pola Consellería de Política Social coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos Pía da Casca, do Colexio de Educación Infantil e Primaria As Mercedes, para o uso do espazo pertencente á Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas, na cidade de Ourense

BOPG nº 90, do 05.02.2021

- 10209 - 1592 (11/PRE-002149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellaría creada na Xunta de Galicia, a partida orzamentaria que se vai destinar á Igualdade nela e a estrutura orgánica que vai ter esa área

- 10213 - 2107 (11/PRE-002170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o número de persoas que se atopan na actualidade en Galicia na listaxe de espera para percibir unha prestación de dependencia, o cumprimento por parte do Goberno galego dos prazos legalmente establecidos para a tramitación dos expedientes e as medidas previstas ao respecto

- 10275 - 2138 (11/PRE-002171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre os datos referidos ao cribado para previr a covid-19 anunciado polo Goberno galego entre o persoal traballador e persoas usuarias das residencias de maiores e centros de atención á discapacidade, así como sobre as previsións respecto da súa ampliación a todo o persoal dos servizos dependentes da Consellería de Política Social, persoal do ensino e sanitario



- 10177 - 3195 (11/PRE-002198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dalgún plan de choque que corrixa as desigualdades que están a sufrir as mulleres por causa da covid-19, así como os datos e informes que posúe respecto da afectación da pandemia nas mulleres galegas

- 10175 - 3286 (11/PRE-002204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os motivos polos que se decide poñer fin ao mantemento do servizo de axuda no fogar extraordinario mentres continúa a situación epidemiolóxica provocada pola covid-19

- 10272 - 3295 (11/PRE-002205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da eficiencia na actuación no combate da covid-19 nas residencias de maiores e sobre o tipo de inspección e os parámetros de intervención levados a cabo nos centros de atención residencial de maiores, en concreto nas de Monterrei e O Pereiro de Aguiar

- 10270 - 3410 (11/PRE-002210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os datos referidos aos cribados periódicos levados a cabo pola Xunta de Galicia nas residencias de persoas maiores, a investigación dos fallos producidos nos centros en que se detectaron contaxios masivos, en particular no caso de Pereiro de Aguiar e de Monterrei, así como as medidas adoptadas e previstas ao respecto

- 10173 - 3423 (11/PRE-002213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a demora actual que rexistra a xestión dunha solicitude de dependencia, as razóns polas que non se introduce na plataforma informática do Sistema galego de atención á dependencia a solicitude dunha familia de Arteixo rexistrada hai case nove meses e as medidas previstas ao respecto

- 10168 - 3470 (11/PRE-002219)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a diagnose que fai o Goberno galego respecto da situación laboral da mocidade en Galicia e as medidas de choque que vai implantar para evitar a precariedade laboral, os niveis de desemprego e as taxas de temporalidade que padece

- 10229 - 3436 (11/PRE-002223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación actual da Unidade de muller e ciencia, as actividades desenvolvidas por este órgano e o grao de cumprimento dos obxectivos marcados no II Programa de muller e ciencia 2016-2020, así como as súas intencións respecto da execución dun novo programa

- 10706 - 3822 (11/PRE-002234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria dunha mesa de negociación para salvar a conserveira Thenaisie Provoté, asentada no Grove, e as actuacións que está a levar a cabo para posibilitar a súa viabilidade e o mantemento dos seus postos de traballo no concello de Mos, así como a procura na actualidade, como alternativa prioritaria, dunha solución de capital galego. (Procedemento de urxencia)

- 10161 - 4243 (11/PRE-002247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación laboral da mocidade, os plans específicos que se están a elaborar ou desenvolver para paliar a súa precariedade laboral, así como respecto da súa opinión referida á temporalidade xeneralizada nos seus contratos de traballo e ao cumprimento dos obxectivos do actual plan de emprego para as persoas mozas

- 10265 - 5156 (11/PRE-002301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os parámetros ou o protocolo obxectivo seguidos pola Xunta de Galicia para acordar a intervención dun centro de atención residencial con contaxios por covid-19, os medios humanos e materiais habilitados unha vez intervida a Residencia de Salvaterra do Miño e as inspeccións levadas a cabo nela

BOPG nº 90, do 05.02.2021

- 10264 - 5430 (11/PRE-002306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do programa denominado Cheque autónomo seguimos adiante, e o prazo previsto para o pagamento destas axudas

- 10233 - 5574 (11/PRE-002316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación do servizo de axuda no fogar e das condicións laborais das súas traballadoras, así como as medidas que vai adoptar para a súa mellora e adaptación á realidade actual



- 10720 - 5721 (11/PRE-002329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non elaborar un protocolo único e específico en materia de prevención da covid-19 para o Servizo de Axuda no Fogar, as súas intencións ao respecto e as medidas adoptadas e previstas para garantirlles o material de prevención necesario ás súas traballadoras

- 10259 - 6239 (11/PRE-002346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade, así como a súa opinión referida á pertinencia de analizar a situación dos menores e as medidas que se deben adoptar en relación cos acontecementos rexistrados nel

BOPG nº 90, do 05.02.2021

- 10258 - 6470 (11/PRE-002350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o ano desde o cal a Administración autonómica non actualizou a súa achega ao Servizo de Axuda no Fogar, e as súas previsións respecto do seu incremento, a eliminación do copagamento das persoas usuarias e a asunción do custo das horas de baixas voluntarias

O que lle comunico para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 16 de febreiro de 2021, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 16 de febreiro de 2021 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:



1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puiden asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 09:58:59
Nº Rexistro: 10488

Data envío: 10/02/2021 09:58:59.126

Data 10/02/2021 09:58

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5377**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aplicación de descontos do 50% nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 5375, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 86, do 1 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 09:58:59
Nº Rexistro: 10488
Data envío: 10/02/2021 09:58:59.126

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 9:58:55

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:44
Nº Rexistro: 10232

Data envío: 08/02/2021 11:40:44.509

Data 08/02/2021 11:40



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5575**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da súa achega económica para a prestación do servizo de axuda no fogar coa máxima calidade”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O módulo actualmente vixente para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia recoñecida é o establecido a través da Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en situación de dependencia. Segundo se establece, a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención de Servizo de Axuda no Fogar. En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo de axuda no fogar. Segundo información actualizada da nómina do SAF-Dependencia correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020 obtida tendo como referencia o custe/hora efectivo do servizo declarado e xustificado no proxecto anual de servizos sociais do último exercicio pechado, a achega da Xunta de Galicia ao financiamento conxunto do servizo representa o 67,59% do custe real xustificado, a achega dos usuarios do mesmo a través do copago ascende ao 15,42%. En conxunto, o financiamento por parte da Xunta de Galicia e dos usuarios representa o 83,02% do custo real total, e a achega realizada por parte dos concellos de Galicia é do 16,98% de media.

Dada a importancia do Servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial e primordial dende a declaración da situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma, dende a Xunta de Galicia se puxo en marcha un Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:44
Nº Rexistro: 10232
Data envío: 08/02/2021 11:40:44.509



Fogar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisaron como consecuencia das necesidades ocasionadas pola pandemia. Para estes efectos, se asignaron 500.000 novas horas de atención a domicilio a través dun sistema extraordinario no que, dadas as circunstancias excepcionais, non se esixiu o copagamento por parte das persoas usuarias. Con todo, tal e como se informou, esta medida está na actualidade completamente executada, polo que as axudas para a atención á dependencia deben canalizarse de xeito ordinario a través do procedemento de recoñecemento e asignación dun recurso do SAAD. O Consello da Xunta de Galicia foi informado o pasado 26 de novembro de 2020 do Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para o ano 2021 a través do que se incrementaron as horas asignadas para o financiamento do servizo para persoas en situación de dependencia recoñecida en mais dun millón de horas anuais a partir do 22 de decembro de 2020, cun investimento por parte da Consellería de Política Social de 10 millóns de euros adicionais, que permitirá proporcionar o servizo a todas as persoas que se atopan á espera da asignación efectiva do recurso. Segundo a información rexistrada en SIGAD, existen na actualidade uns 2 millóns de horas asignadas dispoñibles sen utilizar, e, nun contexto de recursos públicos limitados, e mais se cabe no contexto actual, é extremadamente importante que se fagan todos os esforzos necesarios para garantir a súa utilización. Por iso, animamos a que se centren os esforzos na utilización da totalidade das horas de servizo ordinarias asignadas para que se poida proporcionar as atencións que precisan todas aquelas persoas en situación de dependencia recoñecida que esperan polo recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:44
Nº Rexistro: 10232
Data envío: 08/02/2021 11:40:44.509

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 11:40:41

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:22:39
Nº Rexistro: 10422

Data envío: 09/02/2021 13:22:39.832

Data 09/02/2021 13:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5628**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 5626, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 86, do 1 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:22:39
Nº Rexistro: 10422
Data envío: 09/02/2021 13:22:39.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:22:32

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10717
Data envío: 11/02/2021 14:23:44.309
Data 11/02/2021 14:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 5647**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de abordar un debate rigoroso cara a implantación dun sistema tributario máis progresivo, equitativo e xusto, diante da baixada da recadación xerada pola covid-19”**, (publicada no BOPG número 52, do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera que este non é o momento de subir impostos nin aos cidadáns, nin ás empresas.

É máis, tomamos a decisión de consolidar as importantísimas rebaixas de impostos que temos aprobadas desde o ano 2016 e que permiten:

- Manter a tarifa autonómica do IRPF está entre as máis baixas de España para as clases medias.
- Eliminar para o 99,9% o Imposto de Sucesións entre familiares directos.
- E ser pioneiros na Estratexia de Impostos 0 no Rural para que os galegos non paguen impostos por poñer en valor os terreos agrarios e coa menor tributación de España para fixar a vivenda habitual nestes contornos no rural.
- Ademais de situar os incentivos á natalidade á cabeza de España.

Unhas rebaixas de impostos das que xa se teñen beneficiado unhas 115.000 familias ao ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10717
Data envío: 11/02/2021 14:23:44.309

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:23:41

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5661**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para resolver a baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ratifica o seu compromiso coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros. Isto reflicte a disposición do Goberno galego a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo marisqueo.

Este é un cometido no que vén traballando o Goberno autonómico desde o ano 2009 con diferentes actuacións e medidas. Entre elas as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra de permisos de explotación marisqueira, que no caso do marisqueo a pé pasou de 123 no ano 2010 a 233 no 2019, e no caso do marisqueo a flote se estabilizou desde 2013.

A isto tamén contribuíu a implantación do sistema de bateas de reinstalación no ano 2012, grazas ao que se puido retomar gran parte da actividade extractiva en toda a ría durante todo o ano e poñer no mercado 320 toneladas de marisco que xeraron 2,7 millóns de euros en primeira venda.

Lembrar ademais que foron máis de 40 proxectos de rexeneración aprobados desde o ano 2010 ás confrarías da ría aos que se unen os traballos con investimento propio da





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10730
Data envío: 11/02/2021 15:38:15.686

Consellería do Mar para mellorar o estado dos bancos, sumando arredor de dous millóns de euros de achega económica.

Ademais hai case un ano o Executivo autonómico empezou a analizar a posibilidade de desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción da ría.

Neste labor a favor do sector marítimo-pesqueiro da zona, o único apoio co que contou a Xunta foi o da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Neste sentido, hai que lembrar que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10730
Data envío: 11/02/2021 15:38:15.686

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 15:38:12

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:28
Nº Rexistro: 10230

Data envío: 08/02/2021 11:40:28.149

Data 08/02/2021 11:40



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5722**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir a seguridade das persoas usuarias e traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar fronte á covid-19”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social e a Consellería de Sandade elaboraron un protocolo conxunto de actuación para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do covid-19. Neste protocolo conxunto, incluíase un apartado específico para o Servizo de Axuda no Fogar, con distintas recomendacións como a de reforzar a difusión de información sobre hixiene sanitaria, extremar as medidas de hixiene e de protección para evitar posibles contaxios, tanto para persoas traballadoras como para persoas usuarias, medidas organizativas, medidas persoais de prevención, medidas de limpeza e pautas a seguir no suposto de que algunha persoa usuaria presente síntomas de covid-19.

Por outra banda, tendo en conta a situación de declaración de estado de alarma en todo o territorio nacional (Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, prorrogado por Real decreto 476/2020, de 27 de marzo) como consecuencia da pandemia provocada polo Covid19, o 31 de marzo de 2020 o ISSGA elabora unha serie de recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta na actividade de servizo de axuda a domicilio segundo as informacións das autoridades sanitarias sobre o coronavirus e a diversidade funcional do usuario. O 19 de novembro de 2020, actualízase a guía de prevención no servizo de axuda a domicilio fronte ao coronavirus, en función da



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:28
Nº Rexistro: 10230
Data envío: 08/02/2021 11:40:28.149

galicia

situación epidemiolóxica de Galicia. Todo isto sen prexuízo da necesidade de medidas específicas que se deban adoptar en función das características concretas da actividade e a diversidade funcional da persoa usuaria que corresponden ao servizo de prevención de riscos laborais.

As medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que son de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia establécense na 'Resolución do 12 xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020' e posteriores modificacións e a outra normativa que establece medidas complementarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:28
Nº Rexistro: 10230
Data envío: 08/02/2021 11:40:28.149

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 11:40:25

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10721

Data envío: 11/02/2021 14:25:06.981

Data 11/02/2021 14:25



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5740**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da elaboración e aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema de distribución entre as embarcacións do cerco de Galicia das cinco licenzas para faenaren nas augas interiores do País Vasco”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 204/1994, de 7 de junio, por el que se regula el ejercicio de la pesca con determinadas artes en las costas del País Vasco, prohíbe a pesca por medio de artes de cerco dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Euskadi. Non obstante o art. 3 do citado decreto establece que o Departamento de Desarrollo Económico e Infraestructuras poderá outorgar autorizacións temporais para o exercicio da pesca con artes de cerco en augas interiores do País Vasco.

Os criterios de outorgamento destas autorizacións foron aprobados con data do 9 de setembro de 2008 e entre as condicións remitidas polo devandito Departamento atópanse a autorización dun máximo de 5 embarcacións de xeito simultáneo e a comunicación do nome das embarcacións autorizadas semanalmente.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10721
Data envío: 11/02/2021 14:25:06.981

galicia

Así, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica encárgase dende o ano 2008, de realizar esta xestión facendo de intermediario entre o Goberno da Comunidade Autónoma do País Vasco e as asociacións interesadas. Dende esa data, a operativa non tivo modificacións substanciais e foi sempre coñecida polas asociacións solicitantes.

Antes do inicio de cada campaña, recíbense nesta Dirección Xeral as solicitudes para faenar en augas interiores do País Vasco e no orde no que van chegando remítense á Comunidade Autónoma de Euskadi para que esta Comunidade, de ser o caso, proceda a emitir as autorizacións oportunas.

No momento que se reciben na Dirección Xeral as devanditas autorizacións son remitidas ás asociacións solicitantes. E así, unha vez recibida a autorización, a entidade solicitante correspondente deberá comunicar aqueles barcos da súa Asociación que estean interesados.

Tendo en conta que, por unha banda, non poden entrar mais de cinco embarcacións simultaneamente por semana e que, por outra banda, o número de solicitudes é superior a esa cantidade, se lles solicita as asociacións que establezan unha orde de preferencia respecto das embarcacións que envían.

Como criterio, para elaborar o listado definitivo, escóllese unha embarcación por asociación seguindo a orde de prioridade proposta e numérase segundo a orde de chegada da solicitude. Precisamente faise así para que accedan embarcacións do maior número posible de asociacións.

Informar que son varias as reunións e escritos onde ACERGA manifestou o seu malestar respecto á forma de tramitación e asignación destas licencias, incidindo no feito do número de asociados que teñen, pero sen que fagan referencia que a maioría dos seus asociados non se desprazan de Galicia polo que non necesitarían de estes permisos, e mesmo que esta asociación non



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10721
Data envío: 11/02/2021 14:25:06.981

galicia

solicita autorización ningunha en moitas ocasións.

Tal vez habería que ter en conta que a flota de cerco non é homoxénea nin en tamaño nin en forma de traballar, polo que o número de asociados non pode ser determinante, xunto co feito de que hai liberdade de asociación a pertenza a unha asociación non impide estar noutra.

Por todo o anterior, dende a Consellería do Mar, insistir en que o sistema de reparto existe é transparente e equitativo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10721
Data envío: 11/02/2021 14:25:06.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:25:03

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10724
Data envío: 11/02/2021 14:25:45.934
Data 11/02/2021 14:25

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5887**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, deputada e deputado, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aprobación e o establecemento dun protocolo de actuación específico no caso de chegada aos portos de Galicia de barcos con positivos en covid-19 entre as súas tripulacións”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, celebrada o 15 de decembro de 2020, no debate da iniciativa con número de rexistro, 780.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2020-12-15?
part=13a6277a-f5a3-49e9-b306-c2fb004e21fa&start=293](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2020-12-15?part=13a6277a-f5a3-49e9-b306-c2fb004e21fa&start=293)

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre as preguntas plantexadas nesta iniciativa sobre o labor realizado pola Xunta desde o inicio da alerta sanitaria polo coronavirus para dar apoio ao sector pesqueiro e lamentou que o Goberno do Estado non respondese ás reiteradas peticións do Executivo galego para que establecese un protocolo de actuación fronte aos casos de covid-19 rexistrados a bordo dos buques pesqueiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10724
Data envío: 11/02/2021 14:25:45.934

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:25:41

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6430**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cumprimento pola Consellería do Mar das condicións do contrato de adxudicación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades garantir o servizo de salvamento marítimo nas máximas condicións de seguridade e, realiza con ese fin un seguimento exhaustivo das incidencias que poidan producirse e está en contacto permanente coa empresa para dar cumprimento ao contrato.

Así, en caso de incumprimento, a firma adxudicataria do servizo enfrontaríase ás penalizacións correspondentes, polo que a Xunta vela polo cumprimento do contrato e seguirá adoptando todas as medidas necesarias para garantilo.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria. Así, no ano 2018 acadouse un promedio de operatividade do 94,61%, no ano 2019 do 94,68% e, en 2020 rolda tamén estes valores.

Estes datos reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal non é fácil de acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar.

O Servizo de salvamento marítimo depende nunha altísima porcentaxe do bo facer e a profesionalidade das tripulacións e do persoal que día tras día prestan os seus





servizos neste campo. Estes traballadores cuxa excelencia ten sido recoñecida nalgúns casos con galardóns de importancia internacional, son a alma do Servizo, pero o conflito laboral que poida existir entre a empresa Babcock e os seus traballadores é una cuestión interna que debe dirimirse entre as partes e, no que a Administración autonómica carece de instrumentos para intervir.

Estamos ante un Servizo esencial de cuxa prestación dependen vidas humanas, de aí que non caiba facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo. Enorgullécenos de ser a primeira comunidade autónoma que conta con medios aéreos de salvamento e do extraordinario funcionamento deste Servizo, Servizo que pon a disposición de Salvamento Marítimo do estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operación e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.

En relación co incidente acaecido no mes de outubro de 2020 co helicóptero Pesca I con base en Vigo, cabe indicar o seguinte:

O día 11/10/2020 o helicóptero Pesca I tivo un evento que xerou a súa inoperatividade debido a unha avaría no sistema de inflado dos flotadores. Esta avaría produciuse como consecuencia dun voo de Adestramentos Recorrente e revalidación que se realizou en helicóptero en lugar de simulador, como sería o habitual, debido á imposibilidade de viaxar aos EEUU para facer a instrución en simulador por restricións derivadas da crise sanitaria do COVID-19.

Manter a cualificación no modelo é un requisito indispensable para poder pilotar as aeronaves e debe facerse con carácter anual.

Esta consellería ten constancia, pola documentación achegada pola empresa, que os repostos para reparar o sistema de inflado foron pedidos con carácter de urxencia, o mesmo día 11, ao fabricante en EEUU.

En circunstancias normais o pedido sería entregado nun prazo inferior a 3 días, pero debido ás restricións de viaxes derivadas da crise sanitaria orixinada polo COVID-19, este pedido non foi entregado ata o día 6 de novembro, tratándose ademais dunha mercadoría catalogada de perigosa para o seu traslado en avión (material pirotécnico





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10569
Data envío: 10/02/2021 14:29:47.127

necesario para activar el sistema de inflado).

Por outra parte, nese momento a empresa contratista non podía dispoñer do helicóptero de substitución xa que estaba no seu período de mantemento anual.

Ante esta situación, decidiuse reprogramar o mantemento do helicóptero de substitución para que entrara en servizo canto antes e namentres utilizar o Pesca I limitando o seu radio de acción a 20 millas náuticas desde a costa. Non obstante, e a pesar destas circunstancias atenuantes a consellería tramitou un expediente que finalizou coa imposición dunha penalidade de 24.505 €.

Con respecto ao rescate do capitán do buque 'Gogland' cabe indicar que todas as alertas son recibidas por SASEMAR e que é este organismo ao que lle corresponde coordinar a actuación dos medios aéreos do Estado e da Xunta de Galicia. SASEMAR coñece puntualmente o estado de dispoñibilidade dos medios da Xunta de Galicia, e, neste caso, cando recibe a alerta moviliza inmediatamente o Helimer 402, do mesmo xeito que noutras ocasións requiren a actuación dos helicópteros da Xunta de Galicia na zona da Coruña cando o Helimer 402 non está dispoñible.

Trátase dunha actuación coordinada entre administracións que asegura a prestación deste importante servizo público en calquera día do ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10569
Data envío: 10/02/2021 14:29:47.127

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 14:29:43

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:41:08
Nº Rexistro: 10234

Data envío: 08/02/2021 11:41:08.368

Data 08/02/2021 11:41



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o ano desde o cal a Administración autonómica non actualizou a súa aportación ao Servizo de Axuda no Fogar”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O módulo actualmente vixente para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia recoñecida é o establecido a través da Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en situación de dependencia.

Segundo se establece, a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención de Servizo de Axuda no Fogar. En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo de axuda no fogar.

Segundo información actualizada da nómina do SAF-Dependencia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:41:08
Nº Rexistro: 10234
Data envío: 08/02/2021 11:41:08.368

galicia

correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020 obtida tendo como referencia o custe/hora efectivo do servizo declarado e xustificado no proxecto anual de servizos sociais do último exercicio pechado, a aportación da Xunta de Galicia ao financiamento conxunto do servizo representa o 67,59% do custe real xustificado, a aportación dos usuarios do mesmo a través do copago ascende ao 15,42%. En conxunto, o financiamento por parte da Xunta de Galicia e dos usuarios representa o 83,02% do custo real total, e a achega realizada por parte dos concellos de Galicia é do 16,98% de media.

Dada a importancia do Servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial e primordial dende a declaración da situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma, dende a Xunta de Galicia se puxo en marcha un Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no Fogar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisaron como consecuencia das necesidades ocasionadas pola pandemia. Para estes efectos, se asignaron 500.000 novas horas de atención a domicilio a través dun sistema extraordinario no que, dadas as circunstancias excepcionais, non se esixiu o copagamento por parte das persoas usuarias.

Con todo, tal e como se informou, esta medida está na actualidade completamente executada, polo que as axudas para a atención á dependencia deben canalizarse de xeito ordinario a través do procedemento de recoñecemento e asignación dun recurso do SAAD.

O Consello da Xunta de Galicia foi informado o pasado 26 de novembro de 2020 do Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para o ano 2021 a través do que se incrementaron as horas asignadas para o financiamento do servizo para persoas en situación de dependencia recoñecida en mais dun millón de horas anuais a partir do 22 de decembro de 2020, cun investimento por parte da Consellería de Política Social de 10 millóns de euros adicionais,



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:41:08
Nº Rexistro: 10234
Data envío: 08/02/2021 11:41:08.368

galicia

que permitirá proporcionar o servizo a todas as persoas que se atopan á espera da asignación efectiva do recurso.

Segundo a información rexistrada en SIGAD, existen na actualidade uns 2 millóns de horas asignadas dispoñibles sen utilizar, e, nun contexto de recursos públicos limitados, e mais se cabe no contexto actual, é extremadamente importante que se fagan todos os esforzos necesarios para garantir a súa utilización. Por iso, animamos a que se centren os esforzos na utilización da totalidade das horas de servizo ordinarias asignadas para que se poida proporcionar as atencións que precisan todas aquelas persoas en situación de dependencia recoñecida que esperan polo recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:41:08
Nº Rexistro: 10234
Data envío: 08/02/2021 11:41:08.368

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 11:41:04

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11026
Data envío: 15/02/2021 15:34:21.548
Data 15/02/2021 15:34

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6598**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación co paso do buque Sevmorput polas costas galegas”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non recibiu ningunha notificación relacionada co buque ruso Sevmorput. Non obstante, trátase dun asunto de tráfico marítimo que regulan o Goberno do Estado e a Organización Marítima Internacional (OMI).

Para facer a súa travesía cara a Rusia pasou polo Dispositivo de Separación de Tráfico de Fisterra, dependente de Salvamento Marítimo do Estado, a quen debeu reportarlle o seu estado e situación.

O Goberno galego estivo pendente deste caso e informado a través do Executivo central sobre a situación deste buque que, segundo a información que trasladou, realizou travesía cara a Rusia sen novidade e non sen detectou ningún resto radiolóxico.

Entendemos que de haber calquera incidencia Salvamento Marítimo adoptaría as medidas de continxencia oportunas e, informaría ao resto de autoridades ribeiregas, caso do Servizo de Gardacostas de Galicia, para estar alerta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 11026
Data envío: 15/02/2021 15:34:21.548

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2021 15:34:18

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:25:06
Nº Rexistro: 10677
Data envío: 11/02/2021 13:25:06.512
Data 11/02/2021 13:25

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1395**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas por parte de Augas de Galicia ao Concello de Oza-Cesuras no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Aguas de Galicia non asinou ningún convenio nin outorgou ningunha achega ou subvención ao Concello de Oza-Cesuras nin no ano 2019 nin durante a X Lexislatura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
11/02/2021 13:25:02

39400

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:25:06
Nº Rexistro: 10677
Data envío: 11/02/2021 13:25:06.512

galicia

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Xacobeo 2021

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:25:06
Nº Rexistro: 10677
Data envío: 11/02/2021 13:25:06.512

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:25:02

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:09:28
Nº Rexistro: 10402

Data envío: 09/02/2021 13:09:28.863

Data 09/02/2021 13:09



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1512**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia non subscribiu ningún convenio nin concedeu ningunha achega ou subvención ao Concello de Cerdedo-Cotobade nin no ano 2019 nin durante a X Lexislatura”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:09:28
Nº Rexistro: 10402
Data envío: 09/02/2021 13:09:28.863

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:09:23

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:39:50
Nº Rexistro: 10201

Data envío: 08/02/2021 10:39:50.743

Data 08/02/2021 10:39

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 743**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa actuación do Goberno central no lanzamento de dous vagóns dun tren de mercancías ao río Sil”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, no momento que tivo coñecemento do descarrilamento do tren de mercadorías e o lanzamento de dous vagóns ao río Sil á altura do Concello de Carballeda de Valdeorras, dirixiuse aos ministerios de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e para a Transición Ecolóxica para esixirlles unha explicación sobre o ocorrido e reclamarlles as accións de restauración oportunas.

Tamén por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se procedeu á apertura dun procedemento administrativo sancionador contra ADIF como responsable dos feitos ao considerarse que podía constituír unha infracción administrativa grave tipificada na Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados e na Lei 10/2008 de residuos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:39:50
Nº Rexistro: 10201
Data envío: 08/02/2021 10:39:50.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:39:47

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:28:15
Nº Rexistro: 10682

Data envío: 11/02/2021 13:28:15.404

Data 11/02/2021 13:28



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2126**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou as previstas polo Goberno galego para coñecer a procedencia e evitar as verteduras que veñen producindo no lugar de Couso, na parroquia de Aguiño, no concello de Ribeira”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre recordar que, o saneamento e a depuración son competencias municipais.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, no desenvolvemento das súas competencias en relación co dominio público hidráulico e no que respecta ao control e calidade das augas, outorga as correspondentes autorizacións de vertido. En consecuencia, os vertidos de augas residuais deben contar coa autorización de vertedura correspondente, cuxo obxecto é a consecución dos obxectivos ambientais establecidos nesa autorización. As augas residuais teñen que someterse a un proceso de depuración antes da súa vertedura para garantir o menor impacto posible sobre a masa de auga receptora.

A este respecto, Augas de Galicia ten oito expedientes tramitados mediante os que se outorga autorización de vertido ao Concello de Ribeira e a sete empresas mais.

Con data 12 de maio de 2017 Augas de Galicia emitiu a resolución pola que outorgaba ao Concello de Ribeira autorización para o vertido ao mar (cunca da ría de Arousa) a través dun emisario submarino de augas residuais urbanas depuradas procedentes do



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:28:15
Nº Rexistro: 10682
Data envío: 11/02/2021 13:28:15.404



saneamento do concello de Ribeira, tratadas na estación depuradora de augas residuais de Ribeira. E vense realizando o seguimento correspondente para que se cumpran os parámetros de vertido establecidos na autorización.

En canto aos labores de vixilancia e control das verteduras, salientar que entre as actuacións prioritarias da Xunta están os labores de vixilancia e control de verteduras.

Ademais das actuacións específicas, regularmente realízanse inspeccións periódicas ás instalacións asentadas na zona de Couso que realizan vertidos ao dominio público marítimo terrestre para comprobar o cumprimento dos límites de vertido de aplicación.

Como se ten dito, fanse controis periodicamente para velar en todo momento pola preservación da garantía da calidade do medio receptor, incoándose, de ser o caso, os expedientes sancionadores que corresponden”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:28:15
Nº Rexistro: 10682
Data envío: 11/02/2021 13:28:15.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:28:11

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:44:18
Nº Rexistro: 10217

Data envío: 08/02/2021 10:44:18.181
Data 08/02/2021 10:44

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2726**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación co peche do servizo de venda de billetes de tren levado a cabo no mes de setembro de 2020 nas estacións de ferrocarril da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 27 do 7 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, desde o primeiro momento en que tivo coñecemento desta decisión, manifestou a súa oposición frontal ao peche de venta presencial de billetes en estacións como a do Barco e A Rúa e así o trasladou ás autoridades competentes, tanto do Goberno de España como da empresa Renfe. A Xunta reclamou, de feito, o restablecemento inmediato deste servizo.

A Xunta entende que eliminar a atención presencial aos viaxeiros destas estacións supón ir en contra da prestación de servizos de calidade e de proximidade aos veciños do rural, tan importante nunha comunidade como a nosa, caracterizada por unha gran dispersión e envellecemento da poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:44:18
Nº Rexistro: 10217
Data envío: 08/02/2021 10:44:18.181

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:44:14

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:17:44
Nº Rexistro: 10414
Data envío: 09/02/2021 13:17:44.113
Data 09/02/2021 13:17

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2946**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o futuro previsto polo Goberno galego para a liña de transporte público de viaxeiros que une San tiso coa Coruña e as súas razóns para non informar os concellos afectados das modificacións que se van levar a cabo nela”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 2944, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 86, do 1 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:17:44
Nº Rexistro: 10414
Data envío: 09/02/2021 13:17:44.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:17:33

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:06:57
Nº Rexistro: 10181
Data envío: 08/02/2021 10:06:57.884
Data 08/02/2021 10:06

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3128**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Martín Fernández Prado e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información concreta trasladada por Renfe á Xunta de Galicia respecto das previsións que manexa para o restablecemento dos servizos ferroviarios na comunidade autónoma”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos de tren que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal.

Ademais do restablecemento de servizos, a Xunta tamén ten requirido ao Goberno de España en numerosas ocasións que lle facilite información actualizada e pormenorizada das previsións de restablecemento de servizos e, aínda que algúns cambios foron comunicados, non coa rapidez e detalles que serían desexables”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:06:57
Nº Rexistro: 10181
Data envío: 08/02/2021 10:06:57.884

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:06:54

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3774**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os expedientes informativos ou sancionadores abertos e as medidas de emerxencia adoptadas pola Xunta de Galicia en relación co estado de contaminación no que se atopa o río Eume e a súa bacía, a contratación dalgún plan de emerxencia para a súa vixilancia e recuperación e, se é o caso, os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A raíz do episodio de turbidez detectado no Eume, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia realizou unha declaración de emerxencia, e habilitou unha partida orzamentaria de 1,5 millóns de euros, que na súa meirande parte se dedicou á modernización da potabilizadora municipal, apoiando ao Concello de Pontedeume no desenvolvemento das súas competencias municipais.

A intervención, que tivo un prazo de execución de tres semanas, xa está rematada e en funcionamento desde o pasado mes de novembro.

Con anterioridade á execución desta intervención na potabilizadora municipal, Augas de Galicia adoptou medidas inmediatas para conter a turbidez do río, como a instalación de barreiras anticontaminación ou coa aplicación dun tratamento físico-químico provisional na planta.

En todo momento actuouse con axilidade e contundencia para restablecer os parámetros da auga. E sempre coa disposición de apoiar ao Concello de Pontedeume coa activación das actuacións necesarias, tanto no río como na potabilizadora, tendo en conta que o abastecemento de auga é unha competencia municipal.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:14:02
Nº Rexistro: 10555
Data envío: 10/02/2021 13:14:02.704

Tamén se constituíu unha comisión de seguimento na que se informou de todo o proceso e atención que se ían realizar e na que se decidiu incoar un expediente sancionador á empresa que explota a presa por incumprir os requirimentos efectuados por Augas de Galicia e por non seguir as directrices de explotación do encoro, e repercutirle os gastos derivados da emerxencia do río e do abastecemento de Pontedeume.

Como se ten dito, a actuación de emerxencia executada por Augas de Galicia na potabilizadora municipal de Pontedeume de cara a garantir o abastecemento, rematouse e púxose en funcionamento no mes de novembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:14:02
Nº Rexistro: 10555
Data envío: 10/02/2021 13:14:02.704

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 13:13:56

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:04:16
Nº Rexistro: 10163

Data envío: 08/02/2021 10:04:16.274
Data 08/02/2021 10:04

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3929**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras introducidas no novo Plan de transporte público de Galicia respecto das combinacións e frecuencias na Mariña lucense, así como a valoración que fai o Goberno galego do desenvolvemento deste plan e do desmantelamento dos servizos ferroviarios de FEVE nesa comarca que está a levar a cabo o Goberno central”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 23 de decembro entraron en servizo os últimos contratos que completan a renovación integral do transporte público na provincia de Lugo que levou a cabo a Xunta.

Son, en total, 33 contratos que reordenan a mobilidade na provincia de Lugo e que ofrecen unha maior cobertura, frecuencias e horarios optimizados e tarifas e bonos máis vantaxosas para os usuarios.

Un exemplo das melloras que supuxeron as novos contratos na comarca da Mariña son as conexións de transporte público co Hospital da Costa, que conta agora con 49 frecuencias os días laborables en 8 liñas de autobús distintas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:04:16
Nº Rexistro: 10163
Data envío: 08/02/2021 10:04:16.274

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:04:12

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:19:32
Nº Rexistro: 10418
Data envío: 09/02/2021 13:19:32.957
Data 09/02/2021 13:19

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4013**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a supresión de máis liñas e modificacións no horario do tren Avant en Galicia e a valoración que fai das modificacións horarias aplicadas no ano 2020 entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, así como as actuacións levadas a cabo e as que vai desenvolver para o cumprimento do acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 4014, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 86, do 1 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:19:32
Nº Rexistro: 10418
Data envío: 09/02/2021 13:19:32.957

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:19:28

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:20:17
Nº Rexistro: 10420

Data envío: 09/02/2021 13:20:17.535

Data 09/02/2021 13:20



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4141**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información oficial do Goberno galego referida aos proxectos do Goberno portugués para a modernización da liña ferroviaria entre O Porto e Vigo, así como a xestión levada a cabo en relación coas conexións ferroviarias entre Galicia e o norte de Portugal”**, (publicada no BOPG número 40 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 4140, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 86, do 1 de febreiro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:20:17
Nº Rexistro: 10420
Data envío: 09/02/2021 13:20:17.535

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:20:08

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4326**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Eume”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, autorizou as obras de modernización dos desaugadoiros de fondo da presa do Eume despois de terse cumprida a longa e complexa tramitación do procedemento administrativo e ambiental e cumprindo, como non pode ser doutro xeito, con todas as garantías normativas. A finalidade das obras é garantir a funcionalidade e operatividade destes desaugadoiros para poder desenvolver axeitadamente as súas funcións, tanto de control de nivel do encoro como de mantemento do caudal ecolóxico.

Finalizadas as obras e as probas conseguintes, a empresa concesionaria comunicou a Augas de Galicia que, a partir do 4 de novembro do ano 2019, comezaba a restituír o caudal ecolóxico establecido para a presa do Eume.

No ano 2019, no marco da resolución de autorización dos traballos relativos á segunda fase do proxecto de modernización dos desaugadoiros de fondo da presa do Eume, realizáronse análises de sedimentos do encoro, xa que esta resolución estableceu a obriga para o promotor de realizar unha extracción de sedimento con carácter previo á realización de probas con caudais.

A extracción realizouse durante a semana do 11 ao 14 de xuño de 2019. Consistiu na toma de mostras de sedimento en varios puntos, o máis preto posible do paramento da presa, para obter unha mostra representativa dos sedimentos que se fan extraer,





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:03:51
Nº Rexistro: 10160
Data envío: 08/02/2021 10:03:51.337

que foron tomadas e analizadas por dous laboratorios independentes debidamente acreditados. O resultado desas análises foi que en ningún caso os parámetros avaliados superaban os valores límite de admisión para vertedoiros de residuos non perigosos.

18 do actual proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, así como a consensuar co sector mar-industria galego calquera modificación da Lei de costas no referido á vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:32:38
Nº Rexistro: 10689
Data envío: 11/02/2021 13:32:38.295

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:32:34

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 2824**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e a data prevista polo Goberno galego para o inicio da execución do proxecto para dotar o porto da Pobra do Caramiñal de novos vestiarios, así como respecto do importe final das obras”**, (publicada no BOPG número 27 do 7 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Consellería do Mar, concretamente dende Portos de Galicia estase a traballar na mellora das condicións de traballo dos operarios da estiba do porto da Pobra do Caramiñal.

Para elo, a presidenta do ente público, abordou nunha xuntanza o 29 de setembro cos consignatarios que operan no porto e empregan ao persoal de estiba as posibilidades construtivas para a mellora dos vestiarios, responsabilidade das propias empresas, pero coa que o ente público quere contribuír na medida das súas competencias. Ademais, tamén no mes de setembro a presidenta de Portos de Galicia mantivo varios encontros cos consignatarios e o alcalde do municipio tanto na sede do ente público como no propio porto pobrense.

Nestas reunións de traballo, Portos de Galicia presentou aos consignatarios as alternativas viables para mellorar o espazo dos vestiarios do que dispoñen os estibadores. Concretamente a presidenta do ente deu conta do proxecto redactado e outras posibles alternativas de construción dun edificio de servizos propio para a estiba que albergaría os vestiarios.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:35:45
Nº Rexistro: 10696
Data envío: 11/02/2021 13:35:45.233

O proxecto redactado define un edificio de 740 metros cadrados de superficie para uso dos traballadores e o importe estimado para a súa execución é de máis de 700.000 euros.

Portos de Galicia ten rematado o proxecto construtivo que, porén, non foi licitado para analizar conxuntamente cos consignatarios outras alternativas ou solucións construtivas máis económicas que permitan menor pago de taxas de ocupación previstas polo uso da instalación. Informar que a licitación do proxecto foi rexeitada polos propios consignatarios por supoñer unha repercusión de taxas por tal construción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:35:45
Nº Rexistro: 10696
Data envío: 11/02/2021 13:35:45.233

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:35:40

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a información que posúe o Goberno galego en relación coa situación do polbo en Galicia, as medidas adoptadas para a súa recuperación e a súa opinión respecto dos resultados que está a dar a posta en marcha do plan de xestión desa especie”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Certamente o polbo é unha das especies principais para a frota de baixura e aínda que as embarcacións que dispoñen de permiso de explotación rondan as 1200 unidades, non todas elas se dedican as artes de pesca de nasa-polbo.

A media dos últimos anos (2005-2018) ascende a 670 embarcacións despachadas nalgún momento a esta arte, non sendo esta unha cifra estable e continua.

De feito, na última campaña correspondente aos anos 2019-2020, de todas as embarcacións autorizadas (1.229) despacharon algunha vez 588 embarcacións neste arte de pesca o que supón un 47,8% do total completando 72.640 días laborais de traballo.

En canto a evolución diaria dos despachos a nasa para polbo, na última campaña 2019-2020 vemos unha diminución do 14,2% no termo medio de embarcacións diarias respecto a media das campañas 2005-2018, e no que levamos de campaña 2020-21, ata o 30 de setembro, temos unha diminución de 106 embarcacións (38,7%) no termo medio diario respecto á campaña anterior e de 147 (46,7%) respecto ao termo medio das campañas 2005-18.

Esta campaña non é a máis baixa da serie dende que hai un período de veda entre maio e xullo (2005-2018), xa que as de 2005-2006 con 1.090,6 t foi bastante peor e





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:59:18
Nº Rexistro: 10566
Data envío: 10/02/2021 13:59:18.423

recuperouse ben o recurso nas campañas seguintes.

No que levamos de campaña 2020-21, do 1 de xullo ata o 30 de setembro, van 78,5 t de polbo, o que supón unha diminución do 85,7% respecto ao mesmo período da campaña anterior e da serie histórica, tendo claro que coller datos das campañas incompletas pode levar a erro, xa que os meses do verán non son os mellores tanto en capturas coma en capturas por día, e soen mellorar de cara ao inverno.

O sector ten información puntual sobre os datos e sobre o seguimento científico da pesquería, como non podería ser doutro xeito, e a Consellería do Mar leva traballando desde xullo na busca de diagnósticos e propostas en cogobernanza co sector, tal e como sempre se fixo.

Mantivéronse varias xuntanzas co sector (federacións de confrarías, que representan a todo o sector) neste período para avaliar a evolución e propoñer solucións, baseadas de forma fundamental na revisión do plan e no avance no control da pesca e desembarque de capturas.

Neste momento estase a traballar en tres liñas fundamentais:

Por parte das Federacións procederíase a manter xuntanzas para presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control).

Desde a Consellería procedeuse a analizar as ferramentas legais que permitan establecer paralizacións temporais e o reforzo do control.

Desde a Consellería procedeuse a analizar as causas na diminución das capturas de polbo a que asistimos este ano.

Amais, tense realizado un estudo sobre o estado do recurso e un dos datos importantes reside en que o valor da clase máis pequena de polbo capturado (<250g) é o mais alto de tódalas campañas anteriores, e por iso hai que regular ata que medre e acade talla comercial. Deste estudo váiselle dar traslado ao sector como sempre se lle deu traslado de todos os datos que poidan achegar luz para a mellora da xestión.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:59:18
Nº Rexistro: 10566
Data envío: 10/02/2021 13:59:18.423

Cabe ter en conta tamén que todos os anos, desde que hai plan de xestión, teñen un período semellante de veda e sempre se sostivo, de maneira regular, o nivel de capturas, polo que non debería ser esa a causa da caída de capturas.

Adoptadas as medidas de control axeitadas, hai que salientar que a adopción de medidas engadidas de minoración de esforzo non sempre dan resultados agardados, xa que tras o plan de recuperación de 2006 a media de capturas do ano de aplicación do plan de recuperación e dos tres seguintes ao plan de xestión é inferior nun 7% aos anos que se xestionou esta pesqueira cos elementos de regulación actual.

En todo caso, esta situación biolóxica e operativa é comprendida polo sector e por iso están analizando a situación de cara a presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control) de forma que, xunto coas análises científicas realizadas pola Xunta, sirvan para codecidir sobre o asunto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:59:18
Nº Rexistro: 10566
Data envío: 10/02/2021 13:59:18.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 13:59:14

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:58:59
Nº Rexistro: 10564

Data envío: 10/02/2021 13:58:59.704
Data 10/02/2021 13:58

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3387**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao carácter vinculante e/ou preceptivo que posúe o informe emitido pola Comisión Galega da Competencia na tramitación da norma reguladora da pesqueira do xurelo, así como a incidencia que tería unha norma deste tipo na súa sustentabilidade social, ambiental e económica, e a valoración que fai da autorregulación que vén mantendo a frota pertencente á Asociación de Armadores do Cerco de Galicia”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego deu trámite á proposta de norma de extensión para o xurelo feita por unha organización de armadores do cerco ao considerar que cumpre os requisitos para a súa avaliación por Bruxelas, que é quen debe aprobala tendo en conta as normativas comunitarias tanto en materia de competencia como de pesca.

O Executivo galego remitiu a proposta ao Estado co obxectivo de que solicite aclaracións aos interesados en caso de que as estime oportunas e, remita o expediente a Bruxelas para continuar coa súa tramitación.

Todo isto tendo en conta que o informe emitido polo organismo galego da competencia sobre a norma de extensión non é preceptivo nin vinculante.

A decisión de establecer topes de capturas por parte das confrarías, asociacións de



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:58:59
Nº Rexistro: 10564
Data envío: 10/02/2021 13:58:59.704

armadores ou organizacións de produtores forma parte dos diferentes sistemas de xestión das cotas e as normas de extensión, como a proposta neste caso, contribúen á autorregulación e á mellora na xestión das pesqueiras e das posibilidades de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:58:59
Nº Rexistro: 10564
Data envío: 10/02/2021 13:58:59.704

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 13:58:56

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3570**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e xestión do Goberno galego en relación coa vertedura detectada o día 13 de outubro na ría de Arousa, os medios que hai nela para combater a contaminación mariña e a existencia nos seus concellos dos plans locais establecidos no Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, a través do Servizo de Gardacostas de Galicia activou o 13 de outubro o Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan Camgal) en situación 2, é dicir, o nivel medio de emerxencia, de xeito preventivo ante a aparición dunha mancha de fuel de 1.300x500 metros detectada nas inmediacións da ría de Arousa, fóra da costa, en concreto entre Ribeira e a illa da Rúa.

A Consellería do Mar comunicou a activación do plan da comunidade autónoma de Galicia á Delegación do Goberno en Galicia, a quen lle solicitou a activación do Plan Marítimo Nacional, que é o que corresponde ao tratarse dun episodio no mar e mentres que a contaminación non chegue á costa.

Ese día desprazáronse á zona os buques Irmáns García Nodal e Paio Gómez Chariño e as patrulleiras Punta Falcoeiro e Punta Roncadoira con persoal do Servizo de Gardacostas para sumarse aos efectivos de Salvamento Marítimo do Estado que coordinou o operativo co obxectivo de evitar que o combustible chegue á costa.

A mancha foi detectada por un avión de Salvamento Marítimo que estaba realizando un voo de observación pola zona e, como medida preventiva, o Instituto Tecnolóxico





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:16:19
Nº Rexistro: 10556
Data envío: 10/02/2021 13:16:19.954

para o Control do Medio Mariño (Intecmar) estableceu tamén un peche cautelar no único polígono de bateas que estaba aberto na zona, o Ribeira B.

O 15 de outubro de 2020 a Xunta, a través do Servizo de Gardacostas de Galicia, pasa ao nivel mínimo de emerxencia –situación 1- a activación do Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan Camgal) tras constatar a ausencia da mancha de fuel localizada esta semana nas inmediacións da ría de Arousa, fóra da costa, entre Ribeira e a illa da Rúa.

A Xunta tomou esta decisión atendendo á mellora da situación e en consonancia con Salvamento Marítimo do Estado que coordinou o operativo. As embarcacións do Servizo de Gardacostas que participaron no operativo mantivéronse na zona eliminando restos superficiais e realizando labores de dispersión mecánica e foron retirándose progresivamente.

Neste operativo os medios da Xunta que se sumaron aos de Salvamento Marítimo do Estado foron os buques Irmáns García Nodal e Paio Gómez Chariño e as patrulleiras Punta Falcoeiro e Punta Roncadoira con persoal do Servizo de Gardacostas e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) que realizou seguimento da mancha mediante boias durante todo o operativo. A eles sumáronse drons da Axencia Galega de Emerxencias para a inspección da área afectada.

O 16 de outubro de 2020 a Xunta, a través do Servizo de Gardacostas de Galicia, pasou a fase de alerta -situación 0- a activación do Plan Territorial de Contaminación Mariña Accidental de Galicia (Plan Camgal) tras constatar a ausencia de restos de fuel da mancha localizada esa semana nas inmediacións da ría de Arousa, fóra da costa, entre Ribeira e a illa da Rúa.

A Xunta tomou esta decisión atendendo á mellora da situación e en consonancia con Salvamento Marítimo do Estado que coordinou o operativo. As embarcacións do Servizo de Gardacostas que participaron no dispositivo mantivéronse na zona buscando posibles restos de fuel.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:16:19
Nº Rexistro: 10556
Data envío: 10/02/2021 13:16:19.954

Os medios da Xunta que permaneceron na zona xunto aos de Salvamento Marítimo do Estado foron os buques Irmáns García Nodal e Paio Gómez Chariño e a patrulleira Punta Falcoeiro con persoal do Servizo de Gardacostas e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), que realizou seguimento da mancha mediante boias durante todo o operativo. A eles sumáronse drons da Axencia Galega de Emerxencias para a inspección da área afectada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:16:19
Nº Rexistro: 10556
Data envío: 10/02/2021 13:16:19.954

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 13:16:16

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10712

Data envío: 11/02/2021 14:22:41.044

Data 11/02/2021 14:22



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3923**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixada que rexistraron as capturas de polbo nas costas galegas no pasado verán, os contactos mantidos co sector afectado ao respecto e a realización dalgún estudo das súas causas, así como as medidas adoptadas ou previstas para resolver esta situación”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Certamente o polbo é unha das especies principais para a frota de baixura e aínda que as embarcacións que dispoñen de permiso de explotación rondan as 1200 unidades, non todas elas se dedican as artes de pesca de nasa-polbo.

A media dos últimos anos (2005-2018) ascende a 670 embarcacións despachadas nalgún momento a esta arte, non sendo esta unha cifra estable e continua.

De feito, na última campaña correspondente aos anos 2019-2020, de todas as embarcacións autorizadas (1.229) despacharon algunha vez 588 embarcacións neste arte de pesca o que supón un 47,8% do total completando 72.640 días laborais de traballo.

En canto a evolución diaria dos despachos a nasa para polbo, na última campaña 2019-2020 vemos unha diminución do 14,2% no termo medio de embarcacións diarias respecto a media das campañas 2005-2018, e no que levamos de campaña 2020-21, ata o 30 de setembro, temos unha diminución de 106 embarcacións (38,7%) no termo medio diario respecto á campaña anterior e de 147 (46,7%) respecto ao termo medio



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10712
Data envío: 11/02/2021 14:22:41.044

galicia

das campañas 2005-18.

Esta campaña non é a máis baixa da serie dende que hai un período de veda entre maio e xullo (2005-2018), xa que as de 2005-2006 con 1.090,6 t foi bastante peor e recuperouse ben o recurso nas campañas seguintes.

No que levamos de campaña 2020-21, do 1 de xullo ata o 30 de setembro, van 78,5 t de polbo, o que supón unha diminución do 85,7% respecto ao mesmo período da campaña anterior e da serie histórica, tendo claro que coller datos das campañas incompletas pode levar a erro, xa que os meses do verán non son os mellores tanto en capturas coma en capturas por día, e soen mellorar de cara ao inverno.

O sector ten información puntual sobre os datos e sobre o seguimento científico da pesqueira, como non podería ser doutro xeito, e a Consellería do Mar leva traballando desde xullo na busca de diagnósticos e propostas en cogobernanza co sector, tal e como sempre se fixo.

Mantivéronse varias xuntanzas co sector (federacións de confrarías, que representan a todo o sector) neste período para avaliar a evolución e propoñer solucións, baseadas de forma fundamental na revisión do plan e no avance no control da pesca e desembarque de capturas.

Neste momento estase a traballar en tres liñas fundamentais:

Por parte das Federacións procederíase a manter xuntanzas para presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control).

Desde a Consellería procedeuse a analizar as ferramentas legais que permitan establecer paralizacións temporais e o reforzo do control.

Desde a Consellería procedeuse a analizar as causas na diminución das capturas de polbo a que asistimos este ano.

Amais, tense realizado un estudo sobre o estado do recurso e un dos datos importantes reside en que o valor da clase máis pequena de polbo capturado (<250g)



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10712
Data envío: 11/02/2021 14:22:41.044

galicia

é o mais alto de tódalas campañas anteriores, e por iso hai que regular ata que medre e acade talla comercial. Deste estudo váiselle dar traslado ao sector como sempre se lle deu traslado de todos os datos que poidan achegar luz para a mellora da xestión.

Cabe ter en conta tamén que todos os anos, desde que hai plan de xestión, teñen un período semellante de veda e sempre se sostivo, de maneira regular, o nivel de capturas, polo que non debería ser esa a causa da caída de capturas.

Adoptadas as medidas de control axeitadas, hai que salientar que a adopción de medidas engadidas de minoración de esforzo non sempre dan resultados agardados, xa que tras o plan de recuperación de 2006 a media de capturas do ano de aplicación do plan de recuperación e dos tres seguintes ao plan de xestión é inferior nun 7% aos anos que se xestionou esta pesqueira cos elementos de regulación actual.

En todo caso, esta situación biolóxica e operativa é comprendida polo sector e por iso están analizando a situación de cara a presentar propostas que xiren entorno á revisión do plan (número de nasas, período de veda e control) de forma que, xunto coas análises científicas realizadas pola Xunta, sirvan para codecidir sobre o asunto#período para avaliar a evolución e propoñer solucións, baseadas de forma fundamental na revisión do plan e no avance no control da pesca e desembarque de capturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10712
Data envío: 11/02/2021 14:22:41.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:22:36

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5658**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol, as súas causas e a realización dalgún estudo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ratifica o seu compromiso coa ría de Ferrol, que nos orzamentos da Consellería do Mar para o 2021 se materializa con 1,5 millóns de euros. Isto reflicte a disposición do Goberno galego a seguir traballando pola ría de Ferrol e polo marisqueo.

Este é un cometido no que vén traballando o Goberno autonómico desde o ano 2009 con diferentes actuacións e medidas. Entre elas as obras de saneamento que permitiron mellorar a clasificación microbiolóxica de catro das nove zonas marisqueiras e non empeorar en ningunha e que repercutiron na cifra de permisos de explotación marisqueira, que no caso do marisqueo a pé pasou de 123 no ano 2010 a 233 no 2019, e no caso do marisqueo a flote se estabilizou desde 2013.

A isto tamén contribuíu a implantación do sistema de bateas de reinstalación no ano 2012, grazas ao que se puido retomar gran parte da actividade extractiva en toda a ría durante todo o ano e poñer no mercado 320 toneladas de marisco que xeraron 2,7 millóns de euros en primeira venda.

Lembrar ademais que foron máis de 40 proxectos de rexeneración aprobados desde o ano 2010 ás confrarías da ría aos que se unen os traballos con investimento propio da





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10731
Data envío: 11/02/2021 15:38:23.108

Consellería do Mar para mellorar o estado dos bancos, sumando arredor de dous millóns de euros de achega económica.

Ademais hai case un ano o Executivo autonómico empezou a analizar a posibilidade de desenvolver labores xunto coa Estación Biolóxica da Graña para sumar esforzos no coñecemento das circunstancias que minoran a produción da ría.

Neste labor a favor do sector marítimo-pesqueiro da zona, o único apoio co que contou a Xunta foi o da Autoridade Portuaria de Ferrol.

Neste sentido, hai que lembrar que en setembro de 2018 a Delegación do Goberno en Galicia anunciou ás confrarías que ía encargar un informe ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (Cedex) sobre os sedimentos da ría de Ferrol, un estudo que, segundo respostas ofrecidas no Senado, non se ten nin iniciado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10731
Data envío: 11/02/2021 15:38:23.108

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 15:38:20

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10726

Data envío: 11/02/2021 14:26:14.372

Data 11/02/2021 14:26



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6096**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á execución no ano 2021 das obras para a creación do porto compartido mixto de Corcubión, o estado de tramitación do proxecto e a súa opinión respecto do impacto que vai ter nas infraestruturas portuarias, así como no resto do concello e da comarca”**, (publicada no BOPG número 59 do 9 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia ten investido en estudos e execución de infraestruturas portuarias no porto de Corcubión dende o ano 2009 preto de 90.000 euros, que se suman ao gasto en mantemento e conservación dos peiraos que o ente público leva a cabo de xeito permanente nas instalacións da súa titularidade.

Dentro do investimento realizado para o estudo de novas infraestruturas tense dado prioridade á demanda de abrigo trasladada polo sector ao ente público. Para intentar dar resposta a esta solicitude tense elaborado un estudo de axitación interior no porto, unha instrumentación para medidas de ondaxes e a análise dos datos de dita instrumentación, cun investimento total de 52.000 euros.

Estes estudos conducen a buscar unha solución axeitada á demanda e, Portos de Galicia segue a traballar na procura dunha solución técnica e ambientalmente sustentable que permita mellorar o abrigo no porto de Corcubión, a través da construción dunha nova dársena para abrigar as instalacións de atracada.

Dentro desta liña de actuación de busca de alternativas a través de novos estudos, sinalar que recentemente foi executado a través dunha asistencia técnica, un documento técnico por importe de 14.900 euros.



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10726
Data envío: 11/02/2021 14:26:14.372



Con estes estudos como punto de partida, incluíuse no contrato de servizo de redacción de proxectos para varios portos que se atopa na última fase de licitación cun importe de 3,1 millóns de euros, a redacción do proxecto de mellora do abrigo de Corcubión. O contrato abrangue o deseño da solución técnica para a mellora do abrigo e dotación de amarres para a frota deportiva e pesqueira, estudando distintas alternativas técnicas (diques de materiais soltos, verticais, flotantes ou pantallas) e tendo moi especialmente en conta as posibles afeccións á dinámica litoral.

O orzamento da redacción deste proxecto é de 130.000 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10726
Data envío: 11/02/2021 14:26:14.372

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:26:11

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6427**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible incumprimento das cláusulas do contrato para a prestación dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia pola empresa adxudicataria, e as súas previsións respecto do inicio das necesarias para recuperar a súa xestión pública”**, (publicada no BOPG número 66 do 22 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten entre as súas prioridades garantir o servizo de salvamento marítimo nas máximas condicións de seguridade e, realiza con ese fin un seguimento exhaustivo das incidencias que poidan producirse e está en contacto permanente coa empresa para dar cumprimento ao contrato.

Así, en caso de incumprimento, a firma adxudicataria do servizo enfrontaríase ás penalizacións correspondentes, polo que a Xunta vela polo cumprimento do contrato e seguirá adoptando todas as medidas necesarias para garantilo.

De feito, se temos en conta a operatividade das bases, hai que concluír que a execución do contrato está sendo satisfactoria. Así, no ano 2018 acadouse un promedio de operatividade do 94,61%, no ano 2019 do 94,68% e, en 2020 rolda tamén estes valores.

Estes datos reflicten unha dispoñibilidade das aeronaves moi alta, o cal non é fácil de acadar nun contrato tan complexo, no que as aeronaves son obxecto de continuas revisións e mantementos e no que calquera pequena avaría supón a imposibilidade de voar.





O Servizo de salvamento marítimo depende nunha altísima porcentaxe do bo facer e a profesionalidade das tripulacións e do persoal que día tras día prestan os seus servizos neste campo. Estes traballadores cuxa excelencia ten sido recoñecida nalgúns casos con galardóns de importancia internacional, son a alma do Servizo, pero o conflito laboral que poida existir entre a empresa Babcock e os seus traballadores é una cuestión interna que debe dirimirse entre as partes e, no que a Administración autonómica carece de instrumentos para intervir.

Estamos ante un Servizo esencial de cuxa prestación dependen vidas humanas, de aí que non caiba facer ningún tipo de concesión sobre o mesmo. Enorgullécenos de ser a primeira comunidade autónoma que conta con medios aéreos de salvamento e do extraordinario funcionamento deste Servizo, Servizo que pon a disposición de Salvamento Marítimo do estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operación e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.

En relación co incidente acaecido no mes de outubro de 2020 co helicóptero Pesca I con base en Vigo, cabe indicar o seguinte:

O día 11/10/2020 o helicóptero Pesca I tivo un evento que xerou a súa inoperatividade debido a unha avaría no sistema de inflado dos flotadores. Esta avaría produciuse como consecuencia dun voo de Adestramentos Recorrente e revalidación que se realizou en helicóptero en lugar de simulador, como sería o habitual, debido á imposibilidade de viaxar aos EEUU para facer a instrución en simulador por restricións derivadas da crise sanitaria do COVID-19.

Manter a cualificación no modelo é un requisito indispensable para poder pilotar as aeronaves e debe facerse con carácter anual.

Esta consellería ten constancia, pola documentación achegada pola empresa, que os repostos para reparar o sistema de inflado foron pedidos con carácter de urxencia, o mesmo día 11, ao fabricante en EEUU.

En circunstancias normais o pedido sería entregado nun prazo inferior a 3 días, pero debido ás restricións de viaxes derivadas da crise sanitaria orixinada polo COVID-19,





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10728
Data envío: 11/02/2021 14:26:53.669

este pedido non foi entregado ata o día 6 de novembro, tratándose ademais dunha mercadoría catalogada de perigosa para o seu traslado en avión (material pirotécnico necesario para activar el sistema de inflado).

Por outra parte, nese momento a empresa contratista non podía dispoñer do helicóptero de substitución xa que estaba no seu período de mantemento anual.

Ante esta situación, decidiuse reprogramar o mantemento do helicóptero de substitución para que entrara en servizo canto antes e namentres utilizar o Pesca I limitando o seu radio de acción a 20 millas náuticas desde a costa. Non obstante, e a pesar destas circunstancias atenuantes a consellería tramitou un expediente que finalizou coa imposición dunha penalidade de 24.505 €.

Con respecto ao rescate do capitán do buque 'Gogland' cabe indicar que todas as alertas son recibidas por SASEMAR e que é este organismo ao que lle corresponde coordinar a actuación dos medios aéreos do Estado e da Xunta de Galicia. SASEMAR coñece puntualmente o estado de dispoñibilidade dos medios da Xunta de Galicia, e, neste caso, cando recibe a alerta mobiliza inmediatamente o Helimer 402, do mesmo xeito que noutras ocasións requiren a actuación dos helicópteros da Xunta de Galicia na zona da Coruña cando o Helimer 402 non está dispoñible.

Trátase dunha actuación coordinada entre administracións que asegura a prestación deste importante servizo público en calquera día do ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10728
Data envío: 11/02/2021 14:26:53.669

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:26:50

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:05:24
Nº Rexistro: 10397

Data envío: 09/02/2021 13:05:24.254

Data 09/02/2021 13:04

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos datos da débeda pública de Galicia correspondentes ao primeiro trimestre de 2020, as súas previsións referidas ao impacto da primeira fase da crise do coronavirus nela, así como a garantía da información detallada ao respecto”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Segundo ós últimos datos oficiais publicados polo Banco de España, correspondentes ao terceiro trimestre de 2020, á Comunidade Autónoma de Galicia sitúase como a terceira comunidade de réxime común con menor nivel de endebedamento de toda España.

En concreto, a ratio de débeda/PIB de Galicia baixou máis de medio punto con respecto ao trimestre anterior, situándose no 19,0%, ampliando o diferencial coa media autonómica ata os 7,3 puntos, o que supón a máxima diferenza histórica.

En canto á evolución do volume de débeda, os datos do Banco de España indican que a débeda do conxunto das comunidades autónomas aumentou ata os 301.722 millóns de euros, dos cales o 3,75% se corresponden coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes datos oficiais ratifican que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas.

Polo que respecta á información relativa co endebedamento da Comunidade



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:05:24
Nº Rexistro: 10397
Data envío: 09/02/2021 13:05:24.254

galicia

Autónoma, en termos SEC, esta se atopa recollida na Conta Xeral da Comunidade. A este respecto, e seguindo as recomendacións do Consello de Contas, ampliouse de forma significativa a información recollida na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral de xeito de que se facilite o seu seguimento e análise.

Por outra parte, hai que lembrar que as emisións de débeda pública se autorizan mediante Orde do Conselleiro de Facenda, publicadas no DOG, nas que se establecen as súas características técnicas e financeiras, incluído o seu tipo de xuro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:05:24
Nº Rexistro: 10397
Data envío: 09/02/2021 13:05:24.254

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:04:49

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1029**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia en relación coa posibilidade de incrementar a mobilización dos seus recursos orzamentarios para afrontar a crise económica derivada da covid-19, así como respecto da valoración do establecemento de axudas directas a persoas autónomas e da necesidade de reforzar o orzamento da Risga e das axudas sociais de emerxencia”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta na actualidade con preto de 208.000 traballadores autónomos e máis de 193.500 microempresas.

Consciente desta realidade, e complementariamente a axenda relativa ao traballo autónomo da Consellería de Emprego e Igualdade, a comezos de Lexislatura, culminouse o Plan de rescate para a persoas autónomas, hostalaría e micropemes afectadas pola covid-19, dotado con máis de 86 millóns de euros e froito do contacto fluído e permanente que mantén o departamento de Emprego e Igualdade coas asociacións da Mesa do Emprego Autónomo e sindicatos e patronal no marco do Diálogo Social.

O obxectivo deste Plan é apoiar aos traballadores galegos para que poidan manter o seu emprego e facer fronte aos efectos da crise sanitaria, pero tamén impulsar a recuperación e garantir a estabilidade dos negocios máis afectados.

As diferentes axudas son compatibles entre si, e a tramitación dos apoios previstos no Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas é áxil e sinxela para que estas chegasen canto antes aos sectores máis afectados. Por iso, o





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:16
Nº Rexistro: 10203
Data envío: 08/02/2021 10:40:16.790

único requisito que se establece é a presentación dunha declaración responsable por parte do solicitante da axuda.

Ademais, con este Plan a Xunta mellora as esixencias requiridas polo Estado no Real Decreto Lei 30/2020 de medidas sociais en defensa do emprego para dar acceso a máis empresarios. No caso galego, deberán acreditarse perdas de facturación do 45% fronte ao 75% do Estado.

A día 22 de xaneiro cabe sinalar que os datos globais provisionais das axudas do Plan son:

Beneficiarios titulares de establecementos: 12.636

Total axudas concedidas: 19.705

- Liña hostalaría pechada: 7.549
- Liña microempresas: 3.984
- Liña autónomos: 8.172

Por último, cabe subliñar que a Xunta está a perfilar con prioridade un II Plan de rescate que apoie a solvencia das empresas nas actividades máis comprometidas pola pandemia, tal como informou o pasado 21 de xaneiro o Consello da Xunta”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:40:16
Nº Rexistro: 10203
Data envío: 08/02/2021 10:40:16.790

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:40:13

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:11:01
Nº Rexistro: 10404
Data envío: 09/02/2021 13:11:01.363
Data 09/02/2021 13:10

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1152**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto do actual volume e da recente evolución dos depósitos e créditos en Galicia”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os últimos datos oficiais publicados polo Banco de España, no conxunto do estado, os depósitos das familias en España creceron un 0,35% no mes de novembro, ata os 899.900 millóns de euros, o que supón un incremento do 6,9% en taxa interanual.

Por outra banda, os depósitos das empresas se situaron en 293.700 millóns de euros, un 1,48% por encima do mes de outubro, un 13,8% superior ao dato rexistrado un ano antes.

Estes datos poñen de manifesto o continuado incremento que está a experimentar o saldo dos depósitos dende o comezo da pandemia. No que vai de ano os depósitos de familias e empresas incrementáronse en máis de 80.000 millóns de euros.

Ante unha situación de incerteza e de empeoramento das expectativas económicas, dende o inicio da pandemia observa un incremento xeneralizado da taxa de aforro de fogares e empresas, tal e como ven constatando os datos publicados polo Instituto



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:11:01
Nº Rexistro: 10404
Data envío: 09/02/2021 13:11:01.363

galicia

Nacional de Estatística, o que incide directamente sobre o volume de depósitos nas entidades de crédito.

Polo que se refire aos datos desagregados por CCAA, o último dato publicado polo Banco de España do volume de depósitos dos sectores residentes en entidades de depósito correspóndense co terceiro trimestre de 2020, que sitúa o total nacional en 1.371.004 millóns de euros, dos cales 1.295.261 corresponden a depósitos de familias e empresa e 75.744 millóns de euros a administracións públicas.

Este dato do total do Estado supón un incremento do 0,3% con respecto ao trimestre anterior, e do 7,6% con respecto ao terceiro trimestre do 2019. En tódalas comunidades autónomas, agás en baleares, se observa un incremento en taxa interanual do saldo dos depósitos.

A Comunidade Autónoma de Galicia non é axena a este incremento xeneralizado, se ben é tras Baleares, País Vasco e Madrid, a comunidade autónoma con menor crecemento do saldo no último ano (6,4%), máis de un punto inferior á recollida a nivel nacional.

Polo que se refire á evolución do crédito, as estatísticas do Banco de España reflicten que o stock de crédito vense reducindo de xeito constante desde o ano 2009, como consecuencia do proceso de saneamento da economía española, despois do excesivo endebedamento acadado na época de expansión crediticia.

Porén, a pandemia do Covid-19 supuxo un cambio significativo na evolución do financiamento ao sector privado; basicamente financiamento destinado a empresas e autónomos, como consecuencia, tanto do aumento da demanda crediticia derivada das maiores necesidades de liquidez, como da expansión da oferta bancaria, estimulada pola introdución de programa de avales públicos (como o establecido en Galicia a través das SGR galegas) e polas políticas de provisión de liquidez ás entidades de crédito do BCE.

Segundo os datos oficiais publicados polo Banco de España, nos tres primeiros trimestres do ano 2020, o stock de crédito concedido por entidades de depósito a



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:11:01
Nº Rexistro: 10404
Data envío: 09/02/2021 13:11:01.363

galicia

AAPP e outros sectores residentes incrementouse 36.468 millóns de euros, isto é, un 3% máis que o saldo que existía ao peche de 2019.

Galicia, cun 11,1% de incremento, é a comunidade autónoma que experimenta un maior crecemento neste período de 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:11:01
Nº Rexistro: 10404
Data envío: 09/02/2021 13:11:01.363

galicia

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Xacobeo 2021

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2021 13:11:01
Nº Rexistro: 10404
Data envío: 09/02/2021 13:11:01.363

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/02/2021 13:10:23

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:59:46
Nº Rexistro: 10567
Data envío: 10/02/2021 13:59:46.189
Data 10/02/2021 13:59

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no referido ao Obxectivo transversal 3, Dinamización demográfica, e a súa disposición en relación co impulso dun cambio de estratexia nas políticas públicas de emprego, de conciliación e nas de política social e de igualdade de xénero, así como nas de corresponsabilidade”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de conciliación que establece a normativa son obxecto de apoio, fomento e protección pola Consellería de Emprego e Igualdade grazas a medidas como as que se inclúen na Orde anual de Axudas de plans de igualdade, teletraballo, e flexibilización e conciliación e tamén a outras liñas específicas de axudas, como son as axudas para a conciliación por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma; as axudas á contratación feminina; o programa Emega ou o Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial, con incentivos concretos para o fomento do teletraballo, o impulso da flexibilidade horaria ou para a conciliación da vida familiar e laboral. Estas medidas, ademais de incidir directamente na redución da fenda salarial e na consecución da igualdade real e efectiva, teñen como fin último a mellora da situación demográfica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2021 13:59:46
Nº Rexistro: 10567
Data envío: 10/02/2021 13:59:46.189

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/02/2021 13:59:42

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:41:59
Nº Rexistro: 10212
Data envío: 08/02/2021 10:41:59.868
Data 08/02/2021 10:41

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1974**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao baixo nivel de execución que presentan ano tras ano as partidas destinadas ao fomento do emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia e a súa dotación orzamentaria para o ano 2021”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A execución media da dotación orzamentaria desde 2009 ata 2020 é do 86,25%. No 2018, foi recoñecida como unha das razóns polas que Galicia se sitúa na 3ª posición na avaliación do Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) que leva a cabo o Ministerio de Traballo.

Ademais, cabe sinalar que os programas de emprego, como aconteceu co plan de rescate, así como todas e cada unha das accións desenvolvidas desde a Xunta de Galicia neste eido, son sempre consensuados dentro da contorna do Diálogo social, como na ‘Mesa do Emprego Autónomo’.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:41:59
Nº Rexistro: 10212
Data envío: 08/02/2021 10:41:59.868

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:41:51

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3118**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para erradicar a fenda salarial e impedir o seu aumento co contexto xerado pola covid-19 en Galicia, a valoración que fai dos datos existentes ao respecto e a realización dalgunha avaliación do impacto que vai ter a crise da covid-19 nela e na desigualdade laboral das mulleres”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O impacto de xénero da covid-19 ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre mulleres e homes e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades. Neste sentido, un estudo da UE conclúe que a crise da covid-19 sacou á luz a vulnerabilidade das mulleres no mercado de traballo, sinalando que dende o inicio da crise sanitaria quedaron sen traballo máis mulleres que homes.

En consecuencia, ademais das medidas a favor da igualdade postas en marcha por outros departamentos da Consellería de Emprego e Igualdade, a Dirección Xeral de Relacións Laborais está a elaborar un estudo sobre o impacto da covid-19 no emprego feminino galego co que se pretende conseguir o seguinte:

1. Analizar a situación laboral e profesional por sectores e provincias, derivado da crise COVID-19.
2. Coñecer o emprego das Novas Tecnoloxías no ámbito laboral e as barreiras e/ou dificultades existentes.
3. Detectar Barreiras e Necesidades existentes en materia de Formación e Dixitalización
4. Obter resultados cualitativos en relación ao emprego e a Formación, que permitan





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:07:05
Nº Rexistro: 10182
Data envío: 08/02/2021 10:07:05.743

apoiar futuros programas e/ou políticas nas devanditas materias.

5. Propoñer medidas, actuacións e accións que dinamicen e activen a economía e o emprego.

Así mesmo, cabe sinalar que as actuacións do Goberno galego para reducir a fenda salarial céntranse no desenvolvemento das medidas legais establecidas na normativa estatal consistentes principalmente no impulso dos plans de igualdade nas empresas. Para iso dispónse das seguintes medidas:

1. Orde anual de Axudas de plans de igualdade, teletraballo, e flexibilización e conciliación. Unha delas é a do teletraballo, recentemente obxecto de regulación lexislativa e que supón o incremento da capacidade das mulleres para o acceso a postos de traballo de calidade que lle permitan a necesaria flexibilización. Así mesmo a concesión de incentivos para a flexibilidade horaria van colaborar na mellora da poboación feminina en idade de traballar e con cargas familiares.

2. Regulación da formación voluntaria e mínima en materia de igualdade laboral dos cadros sindicais e a representación das empresas na negociación dos plans de igualdade a través do diálogo social e a súa regulamentación posterior.

3. Desenvolvemento regulamentario da marca/certificación galega en materia de igualdade, promoción pública da mesma co obxectivo de que as empresas desenvolvan cotas máis altas nesta materia, o cal vai favorecer a redución da fenda salarial, e indirectamente fomentar a corresponsabilidade e a conciliación familiar e laboral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:07:05
Nº Rexistro: 10182
Data envío: 08/02/2021 10:07:05.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:07:02

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 3519**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as medidas de orde tributaria que vai adoptar o Goberno galego para afrontar o gasto público ante a baixada da recadación tributaria a consecuencia da crise económica derivada da covid-19, así como as razóns do alto índice de resolucións favorables obtidas polos administrados fronte ás comprobacións practicadas pola Axencia Tributaria de Galicia”**, (publicada no BOPG número 34, do 22 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego, tal e como xa en diferentes ocasións considera que este non é o momento de subir impostos nin aos cidadáns, nin ás empresas, así tomou a decisión de consolidar as importantísimas rebaixas de impostos que ven aprobando desde o ano 2016 e que permiten:

- Manter a tarifa autonómica do IRPF está entre as máis baixas de España para as clases medias.
- Eliminar para o 99,9% o Imposto de Sucesións entre familiares directos.
- E ser pioneiros na Estratexia de Impostos 0 no Rural para que os galegos non paguen impostos por poñer en valor os terreos agrarios e coa menor tributación de España para fixar a vivenda habitual nestes contornos no rural.
- Ademais de situar os incentivos á natalidade á cabeza de España.

Unhas rebaixas de impostos das que xa se teñen beneficiado unhas 115.000 familias ao ano.

Os Orzamentos de Galicia para o ano 2021 inclúen o maior gasto social da historia da Comunidade que ascende a 8.540 millóns de euros, e o maior investimento produtivo que acada a cifra récord de 2.592 millóns. Así, catro de cada cinco euros destínanse a gasto social, emprego e reactivación económica coa finalidade de seguir combatendo a pandemia, impulsar a dinamización da economía e atender as necesidades das familias, PEMES e autónomos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:37:09
Nº Rexistro: 10699
Data envío: 11/02/2021 13:37:09.483

A principal novidade destes orzamentos é que Galicia vai dispoñer de catro novos fondos que lle permiten contar á súa vez con novos instrumentos para acometer os retos aos que se ten que afrontar a comunidade galega ante a pandemia do COVID 19 e que facilita a mobilización de importantes volumes de recursos en eixes prioritarios, cuxa execución se pode acelerar ou adiar segundo evolucionen as circunstancias, preservando sempre a asignación funcional dos recursos. Estes novos instrumentos son o Fondo Covid, o Fondo REACT, o Fondo Consenso e o Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias.

Respecto as comprobacións da ATRIGA, hai que sinalar que a inmensa maioría das autoliquidacións de impostos que presentan os contribuíntes galegos son correctas, e polo tanto son aprobadas sen cambios pola Xunta.

De feito, no 97% dos casos o contribuínte acepta a valoración presentada pola Xunta, e só no 3% dos casos o contribuínte presenta un recurso contra esa valoración.

Ademais, non debemos esquecer que os medios de valoración que utiliza a Xunta de Galicia son medios legais que están recollidos na lexislación estatal.

En todo caso, Galicia e o resto de Comunidades Autónomas levan anos traballando co Ministerio de Facenda para que, a través da Dirección General de Catastro, establezan un valor de referencia de mercado, que se utilizará en toda España para dar a máxima seguridade xurídica a estas valoracións, como ten afirmado o propio Ministerio de Facenda e así vai no proxecto de lei contra a fraude que está a tramitarse nas Cortes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:37:09
Nº Rexistro: 10699
Data envío: 11/02/2021 13:37:09.483

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:37:03

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10716
Data envío: 11/02/2021 14:23:36.622
Data 11/02/2021 14:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 5648**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de abordar un debate rigoroso cara a implantación dun sistema tributario máis progresivo, equitativo e xusto, diante da baixada da recadación xerada pola covid-19”**, (publicada no BOPG número 53, do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera que este non é o momento de subir impostos nin aos cidadáns, nin ás empresas.

É máis, tomamos a decisión de consolidar as importantísimas rebaixas de impostos que temos aprobadas desde o ano 2016 e que permiten:

- Manter a tarifa autonómica do IRPF está entre as máis baixas de España para as clases medias.
- Eliminar para o 99,9% o Imposto de Sucesións entre familiares directos.
- E ser pioneiros na Estratexia de Impostos 0 no Rural para que os galegos non paguen impostos por poñer en valor os terreos agrarios e coa menor tributación de España para fixar a vivenda habitual nestes contornos no rural.
- Ademais de situar os incentivos á natalidade á cabeza de España.

Unhas rebaixas de impostos das que xa se teñen beneficiado unhas 115.000 familias ao ano.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10716
Data envío: 11/02/2021 14:23:36.622

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:23:33

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:23:24
Nº Rexistro: 10675
Data envío: 11/02/2021 13:23:24.901
Data 11/02/2021 13:23

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 1230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación co servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense, e co remate do convenio asinado para o uso compartido das instalacións da Residencia Florentino López Cuevillas”**, (publicada no BOPG número 12, do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense é un centro dependente da Consellería de Política Social cuxo fin é prestar servizo aos mozos e mozas que, por cuestións de estudos ou traballo, teñan que residir fóra do seu domicilio familiar. Os servizos que se prestan, ao igual que en cursos pasados, son o de aloxamento e mantenza, así como unha serie de actividades de carácter convivencial. Os mozos e mozas residentes pagan unha cota de 324 euros ao mes por recibir estes servizos.

Desde o ano 2006, a Consellería de Política Social comezou a asinar anualmente un convenio coa Anpa Pía da Casca do CEIP As Mercedes para facilitar un espazo de comedor para o seu alumnado. Nese primeiro ano, esta cesión de carácter temporal foi para 16 alumnos e no 2008 xa se incrementou a 40 nenos, incrementando tamén a complexidade na xestión das comidas tanto para os propios residentes da residencia como para os nenos e nenas do colexio. Malia isto, sempre se mantivo a vontade de colaborar e favorecer o entendemento nun espazo, cómpre lembrar, alleo ás instalacións do propio centro educativo.

Pero a actual situación derivada da pandemia da Covid-19, así como os protocolos e medidas que cómpre seguir para evitar o risco de contaxio, impiden meter máis persoas no comedor a maiores das persoas residentes.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:23:24
Nº Rexistro: 10675
Data envío: 11/02/2021 13:23:24.901

De feito, para cumprir as medidas de distanciamento interpersoal e prevención na zona de comedor da residencia xuvenil é necesario establecer 3 quendas á hora da comida (ocupando unha franxa horaria total desde as 13.00 ata as 16.00 horas) e 2 quendas no almorzo e na cea para poder dar servizo a todos os residentes, así como reforzar todos os mecanismos de limpeza establecidos no protocolo aprobado para tal efecto.

Por suposto, entendemos a problemática do CEIP As Mercedes, pero non se pode primar un servizo en detrimento doutro. En todo caso, e co obxectivo sempre de buscar unha solución, a biblioteca deste centro foi habilitada de xeito temporal para servir de comedor para as rapazas e rapaces deste centro.

Desde a Xunta de Galicia manterase sempre o diálogo aberto coa citada Anpa para estudar outras posibles alternativas, sempre e cando se axusten aos protocolos e medidas sanitarias actualmente establecidas, co obxectivo de garantir a seguridade tanto dos propios residentes como a dos nenos e nenas do centro educativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:23:24
Nº Rexistro: 10675
Data envío: 11/02/2021 13:23:24.901

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:23:20

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10709
Data envío: 11/02/2021 14:21:58,278
Data 11/02/2021 14:21

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- **número 3909**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións valoradas ou que vai valorar o Goberno galego en relación coa falta de espazo do CEIP As Mercedes de Ourense, nomeadamente a súa ampliación coas instalacións da Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas e a dotación á cidade dunha nova instalación que a substitúa”**, (publicada no BOPG número 36, do 28 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense é un centro dependente da Consellería de Política Social cuxo fin é prestar servizo aos mozos e mozas que, por cuestións de estudos ou traballo, teñan que residir fóra do seu domicilio familiar. Os servizos que se prestan, ao igual que en cursos pasados, son o de aloxamento e mantenza, así como unha serie de actividades de carácter convivencial. Os mozos e mozas residentes pagan unha cota de 324 euros ao mes por recibir estes servizos.

Desde o ano 2006, a Consellería de Política Social comezou a asinar anualmente un convenio coa Anpa Pía da Casca do CEIP As Mercedes para facilitar un espazo de comedor para o seu alumnado. Nese primeiro ano, esta cesión de carácter temporal foi para 16 alumnos e no 2008 xa se incrementou a 40 nenos, incrementando tamén a complexidade na xestión das comidas tanto para os propios residentes da residencia como para os nenos e nenas do colexio. Malia isto, sempre se mantivo a vontade de colaborar e favorecer o entendemento nun espazo, cómpre lembrar, alleo ás instalacións do propio centro educativo.

Pero a actual situación derivada da pandemia da Covid-19, así como os protocolos e medidas que cómpre seguir para evitar o risco de contaxio, impiden meter máis persoas no comedor a maiores das persoas residentes.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10709
Data envío: 11/02/2021 14:21:58.278

De feito, para cumprir as medidas de distanciamento interpersoal e prevención na zona de comedor da residencia xuvenil é necesario establecer 3 quendas á hora da comida (ocupando unha franxa horaria total desde as 13.00 ata as 16.00 horas) e 2 quendas no almorzo e na cea para poder dar servizo a todos os residentes, así como reforzar todos os mecanismos de limpeza establecidos no protocolo aprobado para tal efecto.

Por suposto, entendemos a problemática do CEIP As Mercedes, pero non se pode primar un servizo en detrimento doutro. En todo caso, e co obxectivo sempre de buscar unha solución, a biblioteca deste centro foi habilitada de xeito temporal para servir de comedor para as rapazas e rapaces deste centro.

Desde a Xunta de Galicia manterase sempre o diálogo aberto coa citada Anpa para estudar outras posibles alternativas, sempre e cando se axusten aos protocolos e medidas sanitarias actualmente establecidas, co obxectivo de garantir a seguridade tanto dos propios residentes como a dos nenos e nenas do centro educativo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10709
Data envío: 11/02/2021 14:21:58.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:21:54

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5881**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos expedientes de regulación temporal de emprego e as solicitudes de adiantos bancarios tramitadas pola Xunta de Galicia en relación con traballadores vinculados ao ámbito das verbenas e con motivo da pandemia, así como sobre as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora das especificidades das relacións laborais dos traballadores vinculados ao ámbito da verbenas.

Por ese motivo, desenvolvéronse diversas reunións con representantes do colectivo de traballadores, e en concreto coa asociación AMPROEGA na procura de solucións á situación que están a padecer. Nos datos que está a manexar a Xunta de Galicia tramitáronse ata a data 134 Expedientes de Regulación Temporal de Emprego en empresas cun CNAE que estaría no ámbito das actividades que se encadrarían no sector de espectáculos públicos, dos cales 104 foron autorizados por resolución expresa, 12 por silencio positivo e 8 foron anulados, denegados ou o seu solicitante desistiu da súa tramitación.

Con data de 26 de abril de 2020 a Xunta de Galicia a través da entón Consellería de Economía, Emprego e Industria subscribiu un convenio con catro entidades financeiras (ABANCA CORPORACION BANCARIA, CAIXABANK, CAJA RURAL GALLEGA Y BANCO DE SABADELL), co obxecto de artellar a colaboración para establecer un procedemento polo cal se poderían conceder anticipos das prestacións por desemprego a aqueles traballadores que estivesen afectados por expedientes de regulación temporal de emprego como consecuencia da crise económica provocada pola covid-19.

De acordo co establecido nas cláusulas do convenio e máis en concreto coa estipulación





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10722
Data envío: 11/02/2021 14:25:22.559

terceira do mesmo a Consellería aportaría as entidades bancarias a relación dos traballadores que solicitasen a tramitación do anticipo, comprobando que estivesen incursos en algún dos ERTES tramitados como consecuencia da pandemia. Estas solicitudes de acordo coa estipulación quinta se realizarían por solicitude enviada pola empresa a través dun concreto formulario para que a Secretaría Xeral de Emprego comprobase ditos extremos (a tramitación do ERTE e a inclusión do traballador nel). Tamén conforme ao convenio no suposto de que os traballadores que tivesen percibido o anticipo non resultaren finalmente beneficiarios da prestación por desemprego a Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) reembolsará ás entidades financeiras os fondos anticipados, previo informe da entón Secretaría Xeral de Emprego (hoxe dirección xeral de Relacións Laborais) sobre a procedencia do reembolso.

A día de hoxe unicamente o Banco de Sabadell solicitou o reintegro por parte do IGAPE do anticipo correspondente a dous traballadores, sen que as demais entidades fixeran ningún tipo de solicitude desta índole sen que se teña constancia que realizan o reintegro de ser o caso por outros métodos. Na actualidade debido ao feito da obrigada inactividade por parte deste colectivo estase a tramitar na Dirección Xeral de Relacións Laborais unha orde de axudas para intentar paliar a falta de ingresos dos traballadores deste gremio. Estamos a falar dunhas axudas directas a fondo perdido par aqueles traballadores que tivesen como principal actividade económica no ano 2019 o sector do espectáculo público e que debido as circunstancias sinaladas ao principio desta resposta non puideran ter acceso as prestacións públicas por desemprego ou calquera outra análoga.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10722
Data envío: 11/02/2021 14:25:22.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:25:19

CSV: BOPGDSPGjQeRnjOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10283

Data envío: 08/02/2021 15:02:27.696

Data 08/02/2021 15:02



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 445**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“como valora o Goberno galego a dotación de medios e atención prestada á atención primaria para afrontar a covid-19 e se ten previsto o aumento do volume de recursos humanos”**, (publicada no BOPG número 4 do 19 de agosto de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire aos recursos humanos e, dada a escaseza de Médicos de Atención primaria e Pediatras, reforzáronse os equipos contratando a todos/as os que remataban a especialidade ademais de enfermeiras especialistas tanto en enfermería familiar e comunitaria como en pediatría, ademais de médicos que remataron os estudos e que estaban pendentes do destino (MIR).

No tocante ao material é subministrado sempre que é preciso mediante petición a través da plataforma Logas.

Xa antes da pandemia presentamos nesta cámara o Plan Galego de AP 2019-2021 que foi aprobado polo Consello da Xunta o 16 de maio do 2019 e no mesmo xa viñan recollidos por unha banda a solicitude do incremento nas prazas MIR nas especialidades deficitarias de pediatría e de medicina de familia e por outra un incremento na oferta de prazas nas OPES (ofertas públicas de emprego anuais). Así en global e no 2021 teremos 331 novas



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10283
Data envío: 08/02/2021 15:02:27.696

galicia

prazas de nova creación en distintas categorías de profesionais de AP.

Mediante a elaboración e implantación de protocolos de actuación que están dispoñibles na Web corporativa do Servizo Galego de Saúde, e en relación coa atención primaria, co 'Protocolo para a detección e manexo de casos de infección activa polo virus SARS-CoV-2(COVID 19) en Atención Primaria'".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10283
Data envío: 08/02/2021 15:02:27.696

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 15:02:23

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10281

Data envío: 08/02/2021 15:02:11.649

Data 08/02/2021 15:02



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 638**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á garantía do dereito de acceso da cidadanía á información referida á covid-19”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actuación da Xunta de Galicia na loita contra a pandemia é absolutamente transparente. Todos os días publícanse os datos da evolución da pandemia na nosa comunidade.

A Xunta publica unha nota de prensa diaria na que figuran:

O número de casos activos en Galicia e o seu desglose por área sanitaria.

A situación dos pacientes positivos; é dicir, cantos están en UCI, en unidades de hospitalización ou no domicilio.

O número total de persoas curadas e de falecementos.

O número de PCR realizadas.

Así como, datos desagregados da situación en centros residencias e, nestas datas tamén, en escolas infantís e centros educativos.

Estamos a mellorar o portal web de información sobre a Covid-19 e desde o mes de novembro tamén está dispoñibles os datos en aberto para que poidan ser descargados. Nestes momentos, ademais do histórico de datos globais da pandemia en Galicia, están dispoñibles os datos de incidencia do virus en cada concello. A nova sección da web presenta en mapas por concellos o número de positivos en cada



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10281
Data envío: 08/02/2021 15:02:11.649



concello. A cidadanía pode visualizar de forma segura e doada a situación da pandemia nos seus concellos, hospitais e áreas de saúde.

Polo tanto, a transparencia da administración autonómica é total. Sobre os datos de infectados por covid-19 por concellos hai que ter en conta a necesaria ponderación dos dereitos que están en xogo, como a protección de datos dos pacientes recollidos nas súas historias clínicas, que deben contar co nivel máximo de seguridade.

En conclusión, non estamos, polo tanto, ante un problema de ocultación. A Xunta non ten ningún interese en non ofrecer esa información e por suposto que está aberta a mellorar os contidos da web en todo o que sexa necesario.

<https://coronavirus.sergas.gal/> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10281
Data envío: 08/02/2021 15:02:11.649

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 15:02:08

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10278

Data envío: 08/02/2021 15:01:46.571

Data 08/02/2021 15:01

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1053**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outro/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de elaborar un plan que permita evitar o risco de exclusión dos menores no caso de que as familias deban exercer o seu coidado por causa da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da covid-19, así como sobre a realización dalgún estudo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“No mes de setembro comezou o curso escolar 2020-21 coa apertura total de centros tanto na rede de centros de ensino dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coma no conxunto da rede de escolas infantís 0-3 anos, da que forman parte tanto as escolas dependentes da Xunta de Galicia como as de iniciativa social, as escolas privadas e as que son titularidade doutras administracións.

Os datos sobre a incidencia da Covid-19 recompilados pola Xunta de Galicia desde o inicio do curso confirman que a actividade escolar estase a desenvolver con total normalidade e os centros educativos son espazos totalmente seguros. Isto é así grazas, entre outros motivos, ao bo traballo desenvolvido polos profesionais destes centros -que merece todo o recoñecemento do Goberno galego- e pola aplicación dos distintos protocolos sanitarios aprobados polo Comité Clínico que asesora á Xunta.

Polo tanto, a día de hoxe a principal ferramenta de conciliación das familias (as escolas infantís 0-3 no caso dos nenos e nenas de ata tres anos) está a funcionar con normalidade, xa que máis do 99% dos centros está aberto e non se ten producido



Xacobeo 2021
“A Unidade Muller e Ciencia é un órgano creado o abeiro do Decreto 33/2007, do 1 de marzo, que ten como finalidade incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia. As súas actuacións van encamiñadas a promover a eliminación dos desequilibrios que poidan existir no relativo á formación científica, no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i, así como a situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano.

No seo desta Unidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 que persegue avanzar na incorporación efectiva dos criterios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación para conseguir un verdadeiro cambio de paradigma no mundo científico que permita acadar resultados tanxibles e duradeiros aproveitando tanto o talento das mulleres como dos homes.

En consecuencia, a Unidade Muller e Ciencia promove numerosas iniciativas a fin de desenvolver o II Programa Galego de Muller e Ciencia, se ben é certo que no ano 2020 a actividade viuse diminuída polas circunstancias sobrevidas por mor da covid-



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:01
Nº Rexistro: 10229
Data envío: 08/02/2021 11:40:01.806

galicia

19, cabe destacar a celebración de dúas xuntanzas, con datas 29 de outubro e 16 de novembro de 2020 a través de videoconferencia, e o acto de entrega do premio M^a Josefa Wonenburger Planells 2020, á científica Amparo Alonso Betanzos, o 28 de outubro de 2020.

Por último, dado que o II Programa Galego de Muller e Ciencia rematou no ano 2020, nestes momentos estase a levar a cabo unha análise pormenorizada do desenvolvemento e grao de execución do mesmo, a fin de obter unha avaliación real que sirva de base para poder iniciar os traballos e estudos conducentes a unha diagnose e posterior redacción do III Programa Galego de Muller e Ciencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:01
Nº Rexistro: 10229
Data envío: 08/02/2021 11:40:01.806

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 11:39:58

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:40:16
Nº Rexistro: 10706

Data envío: 11/02/2021 13:40:16.545

Data 11/02/2021 13:40

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3822**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria dunha mesa de negociación para salvar a conserveira Thenaisie Provoté, asentada no Grove, as actuacións que está a levar a cabo para posibilitar a súa viabilidade e o mantemento dos seus postos de traballo no concello de Mos, así como a procura na actualidade, como alternativa prioritaria, dunha solución de capital galego”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no pleno do Parlamento de Galicia o 7 de outubro, e o vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-10-07?part=654e8477-a83d-4cce-b9a0-c5cd885a018a&start=4398>

Onde a conselleira do Mar informou que a Xunta está a traballar na busca dun socio industrial que permita reconducir a situación da conserveira Thenaisie Provoté, manter a produción e garantir a súa viabilidade. Desde o primeiro



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:40:16
Nº Rexistro: 10706
Data envío: 11/02/2021 13:40:16.545

galicia

momento distintos representantes do Executivo galego están en contacto co comité de empresa da firma, cos seus propietarios e con posibles socios investidores co obxectivo de buscar a mellor saída posible á súa situación económica actual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 13:40:16
Nº Rexistro: 10706
Data envío: 11/02/2021 13:40:16.545

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 13:40:13

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4243**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da situación laboral da mocidade, os plans específicos que se están a elaborar ou desenvolver para paliar a súa precariedade laboral, así como respecto da súa opinión referida á temporalidade xeneralizada nos seus contratos de traballo e ao cumprimento dos obxectivos do actual plan de emprego para as persoas mozas”**, (publicada no BOPG número 40 do 4 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A mocidade galega é un colectivo prioritario en todas as políticas de emprego da Xunta de Galicia, por ese motivo, está a levar a cabo unha actuación transversal para continuar garantindo o futuro laboral das mozas e mozos galegos. Neste sentido, destacan actuacións como as despregadas pola Consellería de Emprego e Igualdade, para protexer a actividade e o emprego de toda a poboación galega, incluída a máis nova.

A continuación destácanse os principais programas e actuacións desenvoltos a prol da mellora da situación laboral da mocidade galega:

- Plan Emprega Xuventude, que impulsa a cualificación e inserción laboral da mocidade, complementando as accións formativas con contratos de traballo en empresas dos diferentes sectores produtivos, por medio de bonos de formación e bonos de contratación de ata 6.000 euros os contratos indefinidos, 3.000 euros para os dun ano de duración.

- Os obradoiros de Emprego para mozos e mozas menores de 30 anos inscritos no sistema de Garantía Xuvenil partindo da necesaria formación básica e profesional





gratuíta que lles permita mellorar ás competencias. Acción dotada en cada convocatoria con máis de 7 M€, e da que se benefician anualmente 300 persoas mozas.

- Obradoiros Integrados ou os Obradoiros Duais de Emprego, programas pioneiros que combinan a aprendizaxe e a formación coa promoción da inserción laboral, e nos que cada ano se invisten máis de 31,5M€, incrementando as oportunidades de máis de 4.400 galegas e galegos, que nun gran porcentaxe non superan os 30 anos de idade.

Por outra banda a axenda de Emprego, contempla medidas que tamén benefician as persoas mozas do noso territorio destacando:

- Os incentivos ao autoemprego, con apoios para darse de alta como autónomos onde a mocidade é colectivo prioritario e recibe 4.000 euros (fronte aos 2.000 establecidos como contía base).

- O Bono Renova, tamén coñecido como remuda xeracional, con apoios de 5.000 euros para a persoa que transfire o negocio e de 3.000 a 6.000 euros para a persoa que o adquire, podendo chegar a percibir ata 14.000 euros.

- O Bono Nova Oportunidade, tamén denominado segunda oportunidade, que pretende facilitar o relevo xeracional dos negocios dos autónomos e subvencionar a volta ao emprendemento das persoas traballadoras autónomas que cesaron a actividade nos seus antigos negocios por causas económicas. Un bono dotado con apoios de ata 12.000 euros.

Ademais desde a Consellería de Emprego e Igualdade, para dar a coñecer e promover entre as mozas e mozos a economía social como fórmula para o fomento do emprendemento e o emprego, pon en marcha actuacións coma as seguintes:

- O programa Aprox economía social, un incentivo para cooperativas e sociedades laborais así como para persoas socias que decidan incorporarse, con axudas que se incrementan nun 25% de tratarse de cooperativas xuvenís, podendo chegar a percibir





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:03:59
Nº Rexistro: 10161
Data envío: 08/02/2021 10:03:59.806

ata 16.500 euros.

• A Rede Eusumo dispón de actividades para dar a coñecer a economía social entre os máis novos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 10:03:59
Nº Rexistro: 10161
Data envío: 08/02/2021 10:03:59.806

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 10:03:56

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10265

Data envío: 08/02/2021 14:59:53.384

Data 08/02/2021 14:59



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5156**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outro/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os parámetros ou o protocolo obxectivo seguidos pola Xunta de Galicia para acordar a intervención dun centro de atención residencial con contaxios por covid-19, os medios humanos e materiais habilitados unha vez intervida a Residencia de Salvaterra do Miño e as inspeccións levadas a cabo nela”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10265
Data envío: 08/02/2021 14:59:53.384

galicia

de Residencias Integradas e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou “con expediente de intervención”, de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecta un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As residencias integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

Por outra banda, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social definiu o modelo de residencia intervida que é aquela na que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10265
Data envío: 08/02/2021 14:59:53.384

galicia

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

En referencia á residencia de maiores de Salvaterra de Miño, trala súa intervención pública reforzouse de xeito substancial a plantilla de enfermería, de auxiliares de enfermería e puxéronse á disposición grúas e recursos materiais necesarios para garantir a atención sanitaria e asistencial dos residentes.

Nesta residencia realizáronse sete inspeccións entre os anos 2017, 2018, 2019 e 2020 e o transcurso de 2021, ademais das actividades administrativas de requirimento e comprobación. Por último, o control sobre o cumprimento dos requisitos mínimos e o nivel de calidade dos servizos prestados polos centros de atención a persoas maiores, vense desenvolvendo pola inspección de servizos sociais a través dos sucesivos plans anuais de inspección.

Actualmente esta residencia non conta con ningún usuario ou traballador COVID-19 positivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10265
Data envío: 08/02/2021 14:59:53.384

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 14:59:49

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10264

Data envío: 08/02/2021 14:59:45.196

Data 08/02/2021 14:59



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5430**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do programa denominado Cheque autónomo seguimos adiante, e o prazo previsto para o pagamento destas axudas”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Programa Cheque autónomo seguimos adiante – 2020, tiña por obxecto convocar a concesión dunha axuda económica ás persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados na actual situación económica motivada pola pandemia da covid-19; a fin de axudar a gastos loxísticos e de transporte de envíos da empresa comercializadora de produtos finais ao domicilio das persoas consumidoras finais. Esta liña de axuda froito do traballo da Xunta de Galicia en coordinación cos interlocutores do Diálogo Social e coa “Mesa do Emprego Autónomo” non tivo a aceptación esperada, polo que o montante económico restante tras a súa resolución foi directamente redirixido ao 1º Plan de Rescate para persoas traballadoras autónomas, microempresas e hostalaría.

Con todo recibiu 171 solicitudes; e xa está fiscalizado un 95,81%.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10264
Data envío: 08/02/2021 14:59:45.196

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 14:59:42

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:52
Nº Rexistro: 10233
Data envío: 08/02/2021 11:40:52.493
Data 08/02/2021 11:40



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5574**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación do servizo de axuda no fogar e das condicións laborais das súas traballadoras, así co mo as medidas que vai adoptar para a súa mellora e adaptación á realidade actual”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O módulo actualmente vixente para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia recoñecida é o establecido a través da Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en situación de dependencia. Segundo se establece, a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención de Servizo de Axuda no Fogar. En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo de axuda no fogar.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:52
Nº Rexistro: 10233
Data envío: 08/02/2021 11:40:52.493

galicia

Segundo información actualizada da nómina do SAF-Dependencia correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020 obtida tendo como referencia o custe/hora efectivo do servizo declarado e xustificado no proxecto anual de servizos sociais do último exercicio pechado, a achega da Xunta de Galicia ao financiamento conxunto do servizo representa o 67,59% do custe real xustificado, a achega dos usuarios do mesmo a través do copago ascende ao 15,42%. En conxunto, o financiamento por parte da Xunta de Galicia e dos usuarios representa o 83,02% do custo real total, e a achega realizada por parte dos concellos de Galicia é do 16,98% de media.

Dada a importancia do Servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial e primordial dende a declaración da situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma, dende a Xunta de Galicia se puxo en marcha un Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no Fogar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisaron como consecuencia das necesidades ocasionadas pola pandemia. Para estes efectos, se asignaron 500.000 novas horas de atención a domicilio a través dun sistema extraordinario no que, dadas as circunstancias excepcionais, non se esixiu o copagamento por parte das persoas usuarias.

Con todo, tal e como se informou, esta medida está na actualidade completamente executada, polo que as axudas para a atención á dependencia deben canalizarse de xeito ordinario a través do procedemento de recoñecemento e asignación dun recurso do SAAD.

O Consello da Xunta de Galicia foi informado o pasado 26 de novembro de 2020 do Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para o ano 2021 a través do que se incrementaron as horas asignadas para o financiamento do servizo para persoas en situación de dependencia recoñecida en mais dun millón de horas anuais a partir do 22 de decembro de 2020, cun investimento



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:52
Nº Rexistro: 10233
Data envío: 08/02/2021 11:40:52.493

galicia

por parte da Consellería de Política Social de 10 millóns de euros adicionais, que permitirá proporcionar o servizo a todas as persoas que se atopan á espera da asignación efectiva do recurso. Segundo a información rexistrada en SIGAD, existen na actualidade uns 2 millóns de horas asignadas dispoñibles sen utilizar, e, nun contexto de recursos públicos limitados, e mais se cabe no contexto actual, é extremadamente importante que se fagan todos os esforzos necesarios para garantir a súa utilización. Por iso, animamos a que se centren os esforzos na utilización da totalidade das horas de servizo ordinarias asignadas para que se poida proporcionar as atencións que precisan todas aquelas persoas en situación de dependencia recoñecida que esperan polo recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 11:40:52
Nº Rexistro: 10233
Data envío: 08/02/2021 11:40:52.493

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 11:40:49

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10720

Data envío: 11/02/2021 14:24:51.388

Data 11/02/2021 14:24



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5721**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non elaborar un protocolo único e específico en materia de prevención da covid-19 para o Servizo de Axuda no Fogar, as súas intencións ao respecto e as medidas adoptadas e previstas para garantirlles o material de prevención necesario ás súas traballadoras”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social e a Consellería de Sandade elaboraron un protocolo conxunto de actuación para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do covid-19. Neste protocolo conxunto, incluíase un apartado específico para o Servizo de Axuda no Fogar, con distintas recomendacións como a de reforzar a difusión de información sobre hixiene sanitaria, extremar as medidas de hixiene e de protección para evitar posibles contaxios, tanto para persoas traballadoras como para persoas usuarias, medidas organizativas, medidas persoais de prevención, medidas de limpeza e pautas a seguir no suposto de que algunha persoa usuaria presente síntomas de covid-19.

Por outra banda, tendo en conta a situación de declaración de estado de alarma en todo o territorio nacional (Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, prorrogado por Real decreto 476/2020, de 27 de marzo) como consecuencia da pandemia provocada polo Covid19, o 31 de marzo de 2020 o ISSGA elabora unha serie de recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta na actividade de servizo de axuda a domicilio segundo as informacións das autoridades sanitarias sobre o coronavirus e a



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10720
Data envío: 11/02/2021 14:24:51.388



diversidade funcional do usuario. O 19 de novembro de 2020, actualízase a guía de prevención no servizo de axuda a domicilio fronte ao coronavirus, en función da situación epidemiolóxica de Galicia. Todo isto sen prexuízo da necesidade de medidas específicas que se deban adoptar en función das características concretas da actividade e a diversidade funcional da persoa usuaria que corresponden ao servizo de prevención de riscos laborais.

As medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que son de aplicación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia establécense na 'Resolución do 12 xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020' e posteriores modificacións e a outra normativa que establece medidas complementarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10720
Data envío: 11/02/2021 14:24:51.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2021 14:24:48

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10259

Data envío: 08/02/2021 14:59:06.790

Data 08/02/2021 14:59



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outro/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo de Rábade, así como a súa opinión referida á pertinencia de analizar a situación dos menores e as medidas que se deben adoptar en relación cos acontecementos rexistrados nel”**, (publicada no BOPG número 63 do 16 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“É importante informar que non existen problemas de xestión nos centros de menores de Galicia. Ao contrario, nestes centros, os nenos, nenas e adolescentes así como os profesionais que prestan servizos neles, foron e son un exemplo de convivencia nos difíciles momentos que atravesamos, nos que pese ao confinamento e a imposibilidade de realizar visitas e saídas coas familias biolóxicas asumiron a situación e manifestaron un comportamento exemplar nesta crise.

Así mesmo, os profesionais que prestan servizos nestes centros souberon xestionar a suspensión das actividades escolares e extraescolares e realizaron con profesionalidade unha labor intensa para dar cobertura ás situacións extremas vividas dende marzo de 2020.

Pola súa parte, o Centro de menores Santo Anxo da Garda, de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa



Xacobeo 2021






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10259
Data envío: 08/02/2021 14:59:06.790



convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

Neste sentido, os mozos e mozas residentes no centro Santo Anxo da Garda de Rábade requiren de atención sanitaria e psicolóxica específica e non exclusivamente educativa. Por isto, nos últimos tempos adoptáronse distintas medidas para dar cobertura ás necesidades dos menores residentes e facilitar o traballo dos profesionais que prestan servizo neste centro: reforzouse o cadro de persoal do centro coa incorporación dun psicólogo e un traballador social e un reforzo continuado de persoal educador e de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores e actualizáronse os itinerarios educativos e de integración social para as rapazas e os rapaces do centro.

Tamén cómpre destacar a mellora nas instalacións do centro, nas zonas comúns e nos fogares e no eido da videoxilancia. De feito, nos últimos dous anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar a infraestrutura.

Todas estas medidas, teñen como finalidade mellorar a atención dos mozos e mozas en acollemento residencial no centro Santo Anxo da Garda de Rábade e tamén acadar unha mellora na intervención educativa realizada polos profesionais que prestan servizos neste centro, a través do apoio profesional e especializado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10259
Data envío: 08/02/2021 14:59:06.790

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 14:59:03

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10258

Data envío: 08/02/2021 14:58:56.149

Data 08/02/2021 14:58



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6470**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o ano desde o cal a Administración autonómica non actualizou a súa aportación ao Servizo de Axuda no Fogar, e as súas previsións respecto do seu incremento, a eliminación do copago das persoas usuarias e a asunción do custo das horas de baixas voluntarias”**, (publicada no BOPG número 66 do 22 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O módulo actualmente vixente para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia recoñecida é o establecido a través da Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar a persoas en situación de dependencia.

Segundo se establece, a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa Individual de Atención de Servizo de Axuda no Fogar. En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7 euros por hora efectiva de atención xustificada a persoas con Programa individual de atención de servizo de axuda no fogar.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10258
Data envío: 08/02/2021 14:58:56.149

galicia

Segundo información actualizada da nómina do SAF-Dependencia correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020 obtida tendo como referencia o custe/hora efectivo do servizo declarado e xustificado no proxecto anual de servizos sociais do último exercicio pechado, a aportación da Xunta de Galicia ao financiamento conxunto do servizo representa o 67,59% do custe real xustificado, a aportación dos usuarios do mesmo a través do copago ascende ao 15,42%. En conxunto, o financiamento por parte da Xunta de Galicia e dos usuarios representa o 83,02% do custo real total, e a achega realizada por parte dos concellos de Galicia é do 16,98% de media.

Dada a importancia do Servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial e primordial dende a declaración da situación de emerxencia sanitaria e estado de alarma, dende a Xunta de Galicia se puxo en marcha un Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no Fogar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisaron como consecuencia das necesidades ocasionadas pola pandemia. Para estes efectos, se asignaron 500.000 novas horas de atención a domicilio a través dun sistema extraordinario no que, dadas as circunstancias excepcionais, non se esixiu o copagamento por parte das persoas usuarias.

Con todo, tal e como se informou, esta medida está na actualidade completamente executada, polo que as axudas para a atención á dependencia deben canalizarse de xeito ordinario a través do procedemento de recoñecemento e asignación dun recurso do SAAD.

O Consello da Xunta de Galicia foi informado o pasado 26 de novembro de 2020 do Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) para o ano 2021 a través do que se incrementaron as horas asignadas para o financiamento do servizo para persoas en situación de dependencia recoñecida en mais dun millón de horas anuais a partir do 22 de decembro de 2020, cun investimento



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10258
Data envío: 08/02/2021 14:58:56.149

galicia

por parte da Consellería de Política Social de 10 millóns de euros adicionais, que permitirá proporcionar o servizo a todas as persoas que se atopan á espera da asignación efectiva do recurso.

Segundo a información rexistrada en SIGAD, existen na actualidade uns 2 millóns de horas asignadas dispoñibles sen utilizar, e, nun contexto de recursos públicos limitados, e mais se cabe no contexto actual, é extremadamente importante que se fagan todos os esforzos necesarios para garantir a súa utilización. Por iso, animamos a que se centren os esforzos na utilización da totalidade das horas de servizo ordinarias asignadas para que se poida proporcionar as atencións que precisan todas aquelas persoas en situación de dependencia recoñecida que esperan polo recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 10258
Data envío: 08/02/2021 14:58:56.149

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/02/2021 14:58:49

CSV: BOPGDSPGjQeRnJOVY4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

